3. Constituír unha mesa de seguimento estábel participada polos sectores dependentes das poxas de interrompibilidade -cando menos organizacións sociais, representatividade das empresas, administración galega- de cara a analizar as posíbeis repercusións para Galiza de cada unha das poxas, das mudanzas no sistema de poxa de interrompibilidade, elaborar propostas para a súa modificación así como impulsar a planificación no desenvolvemento industrial e na fixación de emprego. A primeira reunión deberá convocarse inmediatamente despois da poxa de decembro de 2018, con especial atención á influencia do seu resultado na situación de Alcoa.

4. Defender a mudanza do o actual sistema de poxas de interrompibilidade por un sistema de tarifa industrial que sexa estábel no tempo e con variacións predicíbeis para a subministración da industria electrointensiva, que se poderá acoller sempre e cando cumpran as seguintes condicións cuxo desenvolvemento debe ser acordado por parte do Estado coas comunidades produtoras:

a) Dispoñibilidade de interrupción do subministro de ser preciso como ferramenta de xestión da demanda para dar resposta rápida e eficiente ás necesidades do sistema eléctrico.

b) Obriga de realización de investimentos periódicos que garantan a viabilidade e modernización dos procesos produtivos, así como obriga de mantemento do emprego e do nivel adquisitivo dos cadros de persoal.

c) Obriga de presentación dun Plan de Desenvolvemento Industrial por cada período de cinco anos, para cuxa revisión anual deberán ser arbitrados mecanismos de seguimento por parte da administración.

5. Defender que as peaxes e cargos desta tarifa industrial sexan diferentes en cada Comunidade Autónoma en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 11:36
Nº Rexistro: 40795
Data envio: 23/11/2018 11:36:19.122

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas comunidades que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción."

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputadas do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2018 11:35:01

Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2018 11:35:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 12:47
Nº Rexistro: 40799
Data envio: 23/11/2018 12:47:42.291

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por inciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para a substanciación da **Interpelación 27682 (10/INT-000892)** debatida na sesión plenaria do 20 de novembro 2018, sobre a política do Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios.

MOCIÓN:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Incrementar os efectivos profesionais nos servizos de urxencias tanto de atención primaria como de atención especializada de xeito permanente, acordando coas representantes sindicais das e dos traballadores as melloras necesarias no inmediato.
- Proceder á apertura das plantas e alas inoperativas de xeito permanente, dotándoas co persoal necesario para absorber as necesidades de ingresos hospitalarios.
- Establecer protocolos para asistencia ás persoas pendentes de ingreso.
- Atender con carácter urxente, o incremento de efectivos de persoal nas urxencias do CHUS, demandados pola Xunta de Persoal, así como a substitución do 100% das ausencias e o cumprimento dos requirimentos da Inspección de Traballo.
- Elaborar un Plan funcional para as urxencias do CHUS negociado coa Xunta de Persoal.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 12:47
Nº Rexistro: 40799
Data envio: 23/11/2018 12:47:42.291

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Repoñer o material obsoleto nos hospitais do Servizo Galego de Saúde, con especial atención ao material das urxencias do CHUS."

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/11/2018 12:45:53

Luis Villares Naveira na data 23/11/2018 12:46:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 13:53
Nº Rexistro: 40805
Data envio: 23/11/2018 13:53:09.068

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo e Luca Chao Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Moción para substanciar a Interpelación doc. núm. 38579, sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos, que foi tratada na sesión plenaria do día 20 de novembro de 2018. (10/INT-001276).

MOCIÓN

A) O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un estudo, incorporando a perspectiva de xénero, en materia de saúde laboral en relación ás condicións ergonómicas e psicosociais, avaliando as condicións de traballo que se dan nos hoteis e albergues en Galicia.

2. Impulsar o diálogo social entre a patronal do sector e as organizacións sindicais para solventar os problemas actuais e rematar coa situación de precariedade laboral.

3. Condicionar a concesión de axudas a establecementos hoteleiros ao cumprimento das condicións de traballo das camareiras de piso, verificado a través de inspeccións de traballo. Será requisito indispensable para a percepción destas axudas non ter sido obxecto anteriormente de sancións efectivas impostas polas Inspección de Traballo por delitos contra a seguridade ou a saúde das súas traballadoras e traballadores.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 13:53
Nº Rexistro: 40805
Data envio: 23/11/2018 13:53:09.068

4. A creación dun selo de calidade para os hoteis e albergues co obxectivo de combater a precariedade que se dá neste sector e incentivar un novo modelo laboral e turístico. As empresas, para recibir este, deberán cumprir coa aplicación do convenio colectivo do sector, e coa actual lexislación en materia de prevención e riscos laborais, e en materia de igualdade. Ademais non externalizarán aqueles servizos que son necesarios para o funcionamento diario do establecemento hoteleiro; tales como o servizo de limpeza.

B) O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno central a que:

1.-Se aumente o número de inspectores e inspectoras de traballo e seguridade social en Galicia. Así como as inspeccións que se levan adiante no sector turístico e que afectan ás condicións laborais das traballadoras.

2. Se modifiquen as condicións de xubilación anticipada para aquelas traballadoras que non poidan continuar exercendo o seu traballo debido as doenzas derivadas dunha excesiva carga de traballo.

3. Se derroguen as últimas reformas laborais que establecen unha perdida de dereitos de negociación colectiva que afectan especialmente a un sector tan precarizado coma este, e que favorecen a externalización.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 13:53
Nº Rexistro: 40805
Data envio: 23/11/2018 13:53:09.068

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 23/11/2018 13:51:39

Luca Chao Pérez na data 23/11/2018 13:52:08

Luis Villares Naveira na data 23/11/2018 13:52:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 13:30
Nº Rexistro: 40844
Data envio: 26/11/2018 13:30:34.585

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre este tema.

Exposición de motivos.

Dende que tivo lugar o referendo sobre a permanencia do Reino Unido na Unión Europea, dende o sector pesqueiro asumíase que se iniciaba un proceso longo e farragoso ata chegar a plasmar un acordo que satisfaga a todas as partes interesadas.

Un papel moi importante foi o que xogou a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, que dende o minuto un empezou a traballar na obtención do maior número de argumentos para defender os seus intereses pesqueiros, minimizar o seu impacto e, a maiores, facer unha oportunidade deste proceso inédito en Europa.

Deste xeito, dende a Consellería do Mar en cargáronse unha serie de informes para avaliar as consecuencias do Brexit para a pesca galega, ou analizar aspectos do eido

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

socioeconómico como o posible impacto por cese da pesquería e de acceso ás augas, particularmente dos buques que faenan en augas británicas e Malvinas.

Concretamente, solicitouse un informe ao Instituto Universitario de Estudos Europeos, “Salvador Madariaga”, da Universidade da Coruña, e dous informes á profesora de Economía Aplicada e experta en Economía Pesqueira da Universidade de Santiago, María do Carmen García Negro.

A maiores, este Goberno da man do sector buscou alianzas en rexión e estados membros na defensa de intereses comúns. Este foi o caso da EUFA, unha alianza pesqueira composta por organizacións de 9 países europeos.

Un paso esperanzador deuse a mediados de novembro, cando se alcanzou un borrador de preacordo do Brexit, acordado a nivel técnico polos negociadores do Reino Unido e a Unión Europea, tal e como anunciou a propia primeira ministra británica Teresa May.

O máis importante para nós foi que, cos pasos dados ata o momento, sabemos que a pesca non vai ser deixada á súa sorte, senón máis ben o contrario, este borrador de acordo garántenos estar no núcleo da negociación, garantindo esa relevancia política durante toda a negociación que se buscou dende o primeiro momento, e co amparo de que mentres non se acade un novo acordo, ningún aspecto cambiará, de xeito que España non se verá afectada no acceso aos caladoiros, , xa que o Reino Unido seguirá baixo a PCP e o reparto comunitario de cotas.

Por todo o sinalado, este Grupo Parlamentario presenta a seguinte Proposición non de lei, para alcanzar o máximo acordo nun asunto tan crucial para a nosa frota como o que estamos a debater:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 13:30
Nº Rexistro: 40844
Data envio: 26/11/2018 13:30:34.585

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

1.- Continuar traballando para asegurar o acceso aos caladoiros británicos do Gran Sol e das Malvinas e que este aspecto supedite o acceso aos mercados europeos dos produtos pesqueiros británicos.

2.- Dirixirse ao parlamento Europeo e ao Consello Europeo para iniciar os trámites que supoñan a negociación dun acordo pesqueiro co Reino Unido que impida que haxa un baleiro normativo – xurídico que leve a un corte no acceso pesqueiro aos caladoiros de Gran Sol e Malvinas."

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/11/2018 13:27:41

Teresa Egerique Mosquera na data 26/11/2018 13:27:57

María Ángeles Garcia Míguez na data 26/11/2018 13:28:12

Alberto Pazos Couñago na data 26/11/2018 13:28:17

Martín Fernández Prado na data 26/11/2018 13:28:26

Diego Calvo Pouso na data 26/11/2018 13:28:44

Marta Rodriguez Arias na data 26/11/2018 13:28:52

María Soraya Salorio Porral na data 26/11/2018 13:29:03

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 13:30
Nº Rexistro: 40844
Data envio: 26/11/2018 13:30:34.585

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Daniel Vega Pérez na data 26/11/2018 13:29:08

José Manuel Rey Varela na data 26/11/2018 13:29:19

Beatriz Mato Otero na data 26/11/2018 13:29:25

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/11/2018 13:29:29

María Guadalupe Murillo Solís na data 26/11/2018 13:29:32

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 26/11/2018 13:29:39

Paula Prado Del Río na data 26/11/2018 13:29:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/11/2018 13:29:57

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2018 10:43
Nº Rexistro: 40374
Data envio: 16/11/2018 10:43:38.596

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro** e **Rosa Oubiña Solla,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Tal é como foi concibida, a Oficina Agraria Virtual (OAV) é unha canle de atención *on line* da Consellería do Medio Rural para os gandeiros, agricultores e outros axentes do sector agrario, desde a que facer directamente, coa axuda do teléfono 012, ou a través de entidades colaboradoras, consultas e trámites de obrigado cumprimento, dunha forma fácil, áxil, rápida e cómoda.

A OAV simplifica a xestión administrativa das operacións vinculadas ao sector agrario, reducindo os tempos e os custes de tramitación que asumen os agricultores. Así mesmo, racionaliza o traballo da Administración, mellorando a súa eficacia e reducindo o custe dos servizos que ofrece, facilitando e axilizando as transaccións comerciais dos produtos gandeiros.

Poden acceder a esta oficina gandeiros e agricultores, veterinarios autorizados pola Consellería do Medio Rural para a expedición de guías de movemento de animais. Tamén os concellos, cooperativas, Asociacións de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) ou entidades recoñecidas que acceden á OAV por conta dun agricultor o gandeiro, co seu consentimento expreso; entidades identificadoras rexistradas para a prestación de servizos de identificación no gando bovino, ovino e cabrún, de acordo co Decreto 187/2010, do 4 de novembro.

Lonxe de conformarnos coa ampla gama de servizos que xa presta a OAV, desde o grupo parlamentario popular consideramos necesario que se podan incrementar satisfacendo, deste xeito, as necesidades que o sector agrogandeiro e os propios usuarios vaian demandando.

Así o plantexamos no programa electoral co que concorremos ás eleccións autonómicas de 2016 e obtivemos o respaldo maioritario da cidadanía galega. Alí se reflectía os seguintes compromisos: “Impulsaremos e melloraremos a Oficina Agraria

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2018 10:43
Nº Rexistro: 40374
Data envio: 16/11/2018 10:43:38.596

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Virtual (OAV) como portelo de atención ao público na internet no que se atopen servizos orientados aos cidadáns tanto para consulta de datos de carácter persoal, como para a realización de trámites administrativos" e "Reforzaremos e simplificaremos o uso da oficina agraria virtual desenvolvendo novas funcionalidades da mesma, facilitando e axilizando as actuacións administrativas aos gandeiros, así como potenciando as ferramentas informáticas de análise de datos sanitarios e/ou produtivos".

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a potenciar e impulsar a Oficina Agraria Virtual, dotándoa de novas ferramentas e maior funcionalidade con fin de facilitar as xestións administrativas dos gandeiros, agricultores e outros axentes do sector agrogandeiro".

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/11/2018 10:39:04

Moisés Blanco Paradelo na data 16/11/2018 10:39:13

Raquel Arias Rodríguez na data 16/11/2018 10:39:18

Carlos Gómez Salgado na data 16/11/2018 10:39:26

Daniel Vega Pérez na data 16/11/2018 10:39:34

Jesús Miguel Prado Patiño na data 16/11/2018 10:39:42

Jacobo Moreira Ferro na data 16/11/2018 10:39:50

Rosa Oubiña Solla na data 16/11/2018 10:39:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2018 10:49
Nº Rexistro: 40381
Data envio: 16/11/2018 10:49:24.991

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García e** da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre a perda de produción da castaña na campaña deste 2018.

Exposición de motivos

A produción de castañas en Galiza, a día de hoxe, non está garantida despois da nefasta campaña que minguou preto dun 50%. Esta redución foi produto das inclemencias meteorolóxicas e da vespa do castiñeiro, algo que dende En Marea tiñamos máis que avisado dende fai meses en canto a Consellería de Medio Rural mirou para outro lado.

Advertimos no seu momento que non se estaba a facer o suficiente na loita contra o Dryocosmus kuriphilus, e así se viu cando fai uns meses se aprobou nesta Comisión unha PNL idéntica a que En Marea trouxo facía meses onde se instaba o ministerio á solta masiva de Torymus Sinensis para facerlle fronte a praga.

Tamén puxemos en dúbida dende o primeiro momento a liña de axudas que a Xunta de Galicia estaba a sacar para paliar os danos polas inclemencias meteorolóxicas. Liña de axudas que fuxiron da realidade que estamos a padecer produtoras e produtores, así como gandeiras/os ou labregas/os.

A día de hoxe temos constancia de que solicitaron estas axudas sobre un 1´5% das explotacións totais da Galiza.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2018 10:49
Nº Rexistro: 40381
Data envio: 16/11/2018 10:49:24.991

Tamén temos que ter en conta, de que a castaña complementa as economías familiares, polo que non estamos a falar solo de comercializadores e empresas transformadoras, polo que a Xunta de Galiza tiña que ter xa unha liña de axudas que chegaran a tódolos niveis na escala da produción e venda.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer un estudo real das perdas producidas este ano por mor das inclemencias meteorolóxicas e pola avespiña do castiñeiro.

2. Manter unha xuntanza cás organizacións agrarias, así como con representantes da IXP Castaña de Galicia e con produtoras, empresas transformadoras e comercializadoras para avaliar os danos e fixar cantidades a indemnizar.

3. Debido a situación de excepcionalidade na que se atopan os/as produtores/as, transformadores/as e comercializadores/as de castaña, habilitar unha liña de axudas específicas para paliar as enormes perdas sufridas na última campaña.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2018 10:49
Nº Rexistro: 40381
Data envio: 16/11/2018 10:49:24.991

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 16/11/2018 10:26:55

Antón Sánchez García na data 16/11/2018 10:27:03

Paula Quinteiro Araújo na data 16/11/2018 10:27:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40413
Data envio: 16/11/2018 14:08:13.032

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada Flora María Miranda Pena e do seu deputado Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao galego nas institucións sanitarias.

Exposición de motivos

O idioma propio de Galicia é o galego. Mais non porque o diga o Estatuto de Autonomía ou quede reflexado en todos os textos legais á nosa disposición. Éo porque é a lingua na que moitas galegas e galegos se relacionan co seu entorno. Porque é a nosa cultura, o noso vehículo de interacción social. Porque é a nosa ferramenta para expresar malestares, emocións, afectos, dores. Tamén para falar das patoloxías que nos levan a frecuentar o sistema sanitario.

A atención sanitaria non é algo meramente técnico, frío, burocratizado e protocolizado. Baséase na interacción entre persoas, e como tal debe respectar certas claves de convivencia. As galegas e os galegos buscan no sistema unha solución aos problemas de saúde que pase por sentírense escoitadas, entendidas, respectadas, arroupadas e tratadas conforme ás súas necesidades integrais. Forma parte do seu dereito a ser atendidas con dignidade.

Igual que a OMS considera a saúde en termos non só biolóxicos, senón tamén psicolóxicos e sociais, a interrelación co sistema sanitario debe obedecer tamén á consideración e ao respecto cos condicionantes humanos, sociais e culturais. E a lingua é parte fundamental.

As expertas en comunicación asistencial (faceta básica da atención), falan da relevancia de manexar unhas claves comúns para o fomento da empatía no

proceso de entendemento entre profesionais e pacientes. Esa harmonía na comunicación é un elemento que dota de calidez e calidade a atención sanitaria. E o sistema público que atende algo tan sensible como a saúde non pode renunciar a elo. Para iso, recoñecer a lingua das usuarias é fundamental. Non só por unha cuestión de dereito, senón de calidade, dignidade, sensibilidade, consideración e respecto.

Recentemente presentouse na Valedora do Paciente unha queixa a propósito do escaso e decrecente uso do galego no hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, que podería facerse extensiva ao resto do territorio galego.

Falaba de que "no aparcadoiro que utiliza o sistema mecanizado (máquinas de control de entrada e saída, cobro etc) utiliza o castelán e non o galego. Os xustificantes impresos do aparcadoiro non están en galego. As mensaxes de voz nos ascensores non son en galego. Os impresos para entrar a citas e consultas que expiden as máquinas igual que a información de pantalla non é en galego. Os resultados analíticos son en castelán . E o persoal que atende e informa aos usuarios nos mostradores utiliza sistematicamente o castelán aínda que o usuario se dirixa a el en galego…o que xa se convirte nunha ofensa e falta de respecto directa aos galegos"

A resposta aludía a que o aparcadoiro era unha concesión (e nesa medida non podían exercer control sobre a lingua utilizada), as máquinas utilizaban un software que só podía estar en castelán e as pautas dadas ás traballadoras e traballadores do Sergas de atención ao público son que se atenda ás persoas usuarias na lingua cooficial que escollan.

Á marxe do satisfactorio ou non da resposta, constátase unha falta de sensibilidade e proactividade da Administración Sanitaria co uso do galego, co seu coidado e co respecto á normativa que regula o seu emprego. Nun contexto

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40413
Data envio: 16/11/2018 14:08:13.032

no que o número de falantes, especialmente en determinados ámbitos e idades, é alarmantemente decrecente, faríase necesaria a súa promoción.

Afortunadamente existen iniciativas de base social e profesional que traballan pola dignificación do uso do galego no entorno sanitario como a Irmandade Sanitaria galega.

A Irmandade da Sanidade Galega é unha plataforma de profesionais da sanidade no sentido amplo que ten como obxectivo único afortalar o galeguismo e o humanismo como instrumento para comprender a idiosincrasia da e do doente, facendo fincapé na valoración positiva e uso da lingua galega na relación cos usuarios e usuarias dos seus servizos.

As e os profesionais da saúde deben estar chamados a impedir que a nosa lingua desapareza dos centros de saúde desenvolvendo as súas actividades na nosa lingua. A Irmandade da Sanidade Galega afirma que o uso da lingua galega na relación cos pacientes ten efectos terapéuticos, porque aproxima os curadores aos doentes que se expresan no idioma propio por seren capaces de facelo mellor.

Por todo o exposto con anterioridade presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a :

-Respectar a normativa de uso do galego nas súas institucións sanitarias, fomentando a proactividade na súa defensa e utilización, entendendo que redunda nunha mellor atención sanitaria e no respecto a un dos principais patrimonios de galegas e galegos.

-Recoñecer iniciativas de base asociativa, humanista e cultural que pulan por unha digna consideración da nosa lingua, como a Irmandade Sanitaria Galega.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40413
Data envio: 16/11/2018 14:08:13.032

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 16/11/2018 14:05:58

Luis Villares Naveira na data 16/11/2018 14:06:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 10:13
Nº Rexistro: 40437
Data envio: 19/11/2018 10:13:03.561

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao**, **Luís Villares Naveira**, **Luca Chao Pérez** e **Anxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito básico ao ensino vese mermado no medio rural galego por diversas circunstancias.

En lugar de reforzar a escola rural, como garantía de calidade democrática e mantemento de servizos dignos en todo o territorio, vivimos nos últimos tempos un retroceso da mesma, en diversos sentidos: peche de unidades e escolas unitarias, aumento da interinidade ou fin da gratuidade dos comedores escolares. Asemade, recentemente, as modificacións no transporte adaptado para alumnado con necesidades especiais, mudando de ser xestionado por Cruz Vermella a selo por empresas ordinarias, redundaron nunha perda de especificidade do servizo.

Outro aspecto dos recortes no ensino son os cambios de criterios para a concesión de becas de apoio educativo (esixencia, de facto, de ter o certificado de grao de discapacidade), que tamén afectaron, polo menos, a unha ducia de alumnos e alumnas de Chantada. No rural, a situación do alumnado con necesidades especiais é aínda máis difícil que nos entornos urbanos, dado que non hai recursos privados accesibles.

O último recorte directo no ensino en Chantada ten que ver coa supresión de asignaturas no ensino secundario.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 10:13
Nº Rexistro: 40437
Data envio: 19/11/2018 10:13:03.561

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Comezado o curso 2018-2019, a comunidade educativa dos institutos de Chantada foi coñecedora de que por non acadar o número de alumnado suficiente se ían suprimir varias materias no IES Lama das Quendas: Latín e Economía en cuarto de ESO, Grego en primeiro de Bacharelato e Xeoloxía en segundo. A supresión de latín en 4º de ESO pode facer perigar a mesma materia en Bacharelato, co cal non se podería cursar neste instituto a modalidade de Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais. Do mesmo xeito, a elección de Economía na ESO pode supor tamén facilitar optar por continuar ensinanzas superiores nos ciclos de Formación Profesional da comarca, ao ser economía unha materia fundamental para estes. Por outra parte, o alumnado que non vai cursar a materia de Grego en primeiro de Bacharelato xa non vai a ter opción de poder cursala en segundo curso, privando o alumnado de cursar materias que son obrigatorias en determinados estudos superiores universitarios.

O máis absurdo da situación é que o mantemento de todas estas materias non suporía un incremento do custo para a Consellaría, xa que hai no IES profesorado definitivo con horas suficientes para impartir estas materias. Asemade, a normativa da Consellería de Educación permite facer excepcións cando nos entornos rurais non se acada o mínimo de alumnado necesario para cursar unha asignatura. A redución de opcións no Bacharelato en vilas coma Chantada supón acelerar o proceso de migración cara as cidades, xa na etapa do ensino secundario.

Dende a Consellería de Educación apélase a “criterios de racionalidade económica e xestión eficiente de recursos públicos”, obviando que o ensino é un dereito básico e non tendo consideración coa necesidade de reforzo positivo que precisan os entornos rurais en proceso de despoboamento, a pesares de que a Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación

Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia establece que "coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen" se poderán facer excepcións e impartir asignaturas sen que se acada o número mínimo de alumnado.

Por outra parte, o mesmo IES Lama das Quendas, así como o IES Val do Asma, sufriu atrasos na adxudicación da cafetería, que é unha das afectadas no País polo feito de que o concurso quedara deserto.

Tamén se sufriu en Chantada o desastre de inicios de curso na xestión dos comedores escolares, no marco da privatización deste servizo esencial (garante o dereito á nutrición e á saúde, así como á conciliación familiar) que o PP fomentou, tendo introducindo a xestión privada e o copagamento neste servizo esencial (dereito á saúde, á boa nutrición e á conciliación familiar).

Hai que ter en conta que o copagamento do comedor orixina graves prexuízos ás familias que non poden afrontalo o que, unido á falta de transporte público, nos casos de xornada partida, conleva aumento de desprazamentos en coche privado e merma das posibilidades de conciliación.

No Pleno ordinario da Corporación Municipal de Chantada celebrado o 13 de novembro de 2018 aprobouse unha Moción do Grupo Municipal de Por Chantada – CUP que acordou dirixirse á Xunta para "esixir que se manteñan todas as materias que se eliminaron, aplicando de forma flexíbel e realista, dada as desiguais realidades sociais e territoriais do noso País, as epígrafes 4ª e 5ª do

artigo 9 e aplicando o punto 6º do artigo 21 da Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo estabelecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma da Galiza canto ao número mínimo de alumnado matriculado nas materias troncais, coa finalidade de atender a diversidades no ámbito rural e pequenos núcleos de poboación e ofrecer a estes alumnos igualdade de oportunidades en canto á preparación especializada para alcanzar estudios superiores de ciclo ou universitarios acorde as súas perspectivas", así como que, unha vez rematada a concesión das cafeterías que está a piques de ser adxudicada, que se prepare un novo concurso, de xeito que non quede o servizo de cafetería suspendido, como ten sucedido, así como "instar ao Parlamento galego a debater e aprobar medidas educativas que atendan ás diferentes realidades do País e discriminen positivamente ámbitos moi desfavorecidos, como é o interior da Galiza."

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Autorizar a oferta das materias eliminadas no IES Lama das Quendas de Chantada no curso 2018-2019.

2. Garantir que o servizo de cafetería, unha vez rematada a concesión actual, non quede suspendido en ningún momento de actividade do centro Lama das Quendas de Chantada, prevendo con tempo a licitación do mesmo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 10:13
Nº Rexistro: 40437
Data envio: 19/11/2018 10:13:03.561

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

3. Impulsar un plan específico de ensino rural, mantendo o potencial da escola rural como espazo de socialización e dinamizador das comunidades rurais, con medidas educativas que atendan ás diferentes realidades do País e discriminen positivamente ámbitos moi desfavorecidos, como é o interior da Galiza.

4. Instar ao Ministerio de Educación a garantir a concesión de becas de apoio educativo a todo o alumnado que as precise.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Luca Chao Pérez
Anxeles Cuña Bóveda
Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 19/11/2018 10:02:58

Luis Villares Naveira na data 19/11/2018 10:03:10

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/11/2018 10:03:16

Luca Chao Pérez na data 19/11/2018 10:03:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 10:41
Nº Rexistro: 40447
Data envio: 19/11/2018 10:41:05.526

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela, e da súa deputada, Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A redución de servizos sanitarios no verán debateuse neste parlamento como consecuencia de iniciativas deste Grupo Parlamentario antes do remate do anterior período de sesións; iniciativas que foron rexeitadas polo Goberno galego e polo Grupo que o sustenta. Esta redución, realizada sen información obxectiva contrastada que puidese ser comprobada, afecta de maneira relevante á perda de atención e de calidade asistencial dos cidadáns quen, partindo dun sistema xa debilitado pola súa notoria falta de persoal, ven como no verán os seus servizos perden persoal que non se substitúe ata nas cuestións máis básicas. A maiores, esta situación incide especialmente no eido rural, onde o mantemento dos servizos sanitarios está xa en dúbida constante pola tendencia do Sergas e da Consellería de Saúde a minorar a implicación no seu funcionamento, coa non substitución de médicos de familia e/ou pediatras, e a progresiva tendencia a agrupar poboacións na atención desde os centros de saúde.

O caso do centro de saúde de Mugardos non é diferente, suma catro médicos de familia, unha matrona, unha pediatra e tres persoas encargadas de enfermería. O consultorio de Mugardos atende a unha poboación de 5.300 habitantes e, como ocorre en multitude de centros de saúde do rural galego, en Mugardos durante estes últimos anos producíronse ausencias longas de persoal por motivos de incapacidade temporal que, ou ben non foron cubertas por persoal substituto, ou foron substituídas en días soltos e con diferentes persoas cada vez, o que non favorece a continuidade na atención dos usuarios e usuarias, provoca listas de agarda de consulta de máis dunha semana, aumenta as consultas por demanda de urxencias, e dada a falta de citas supón o recurso do PAC, no concello de Fene. Os cidadáns do concello están xa fartos, por un problema que perdura no tempo e provoca malestar entre a cidadanía e tensas escenas que desembocaron en dúas denuncias, decembro de 2017, por ameazas ao persoal administrativo, e por ultimo o mércores 14 de novembro os veciños e veciñas tamén mostraron o seu malestar por atoparse no Centro de Saúde un só médico, o que nos leva á tardanza nas citas, case unha semana, tanto para atención médica coma para a renovación da receita.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 10:41
Nº Rexistro: 40447
Data envio: 19/11/2018 10:41:05.526

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que proceda á cobertura das ausencias dos facultativos do Centro de Saúde de Mugardos con continuidade.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/11/2018 10:16:54

Julio Torrado Quintela na data 19/11/2018 10:17:03

Noela Blanco Rodríguez na data 19/11/2018 10:17:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/11/2018 10:17:26

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 12:23
Nº Rexistro: 40465
Data envio: 19/11/2018 12:23:11.847

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás deficiencias e carencias na autoestrada AP 9 en Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A autoestrada AP 9 adoece de múltiples deficiencias na súa xestión e conservación. Esta situación ten que ver coa redución por parte da concesionaria dos custos de persoal e mantemento, mentres que soben os beneficios polo incremento abusivo das peaxes.

No tocante a persoal, viuse reducido en case un cento de efectivos no período comprendido entre 2006 e 2016, pasando de 302 a 215. Esta redución afecta sobre todo ao persoal das cabinas, que está sendo sistematicamente substituído por sistemas de pagamento automático.

A forte redución de persoal de cabinas e mantemento contrasta coas elevadas cifras de beneficios, que son consecuencia de medidas adoptadas polos sucesivos gobernos do Estado, coa compracencia da Xunta de Galiza.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 12:23
Nº Rexistro: 40465
Data envio: 19/11/2018 12:23:11.847

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A falta de seguimento, control e supervisión por parte da administración do Estado fai que non se abrira aínda un só expediente informativo (e moito menos sancionador), a pesar dos constantes problemas de retencións que se produciron nos últimos anos, tanto derivados das obras da ponte de Rande como do incremento do tráfico en horas punta e períodos de vacacións.

Diante das reiteradas queixas polo atraco que supón estar atrapados horas na autoestrada e ter que pagar igualmente as peaxes –e diante da pasividade das administracións central e autonómica-, tivo que ser a fiscalía quen abrise dilixencias a AUDASA e anunciase unha demanda colectiva co obxecto de que as persoas usuarias poidan reclamar indemnizacións á compañía. Tamén previamente a Valedora do Pobo instara á concesionaria a levantar as barreiras en caso de producirse retencións quilométricas.

3. Na contorna de Pontevedra podemos constatar numerosas carencias e deficiencias no estado da autoestrada AP 9 como a deficiente conservación e mantemento das zonas verdes dos noiros, marxes e viarios de acceso e saída, xa que habitualmente están invadidas de maleza e non se coidan como é debido. O que deriva nunha imaxe de abandono, como se pode constatar sobre todo na zona do Vao (entre a peaxe e saída de Bombeiros) e na zona de Salcedo (nos accesos e saídas da autoestrada).

Tampouco existen barreiras de protección acústica naquelas zonas en que a autoestrada discorre nas proximidades de zonas habitadas, como é o caso das parroquias de Alba e Campañó, e nas zonas de O Vao, A Barca, Mollavao ou Salcedo.

132107

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 12:23
Nº Rexistro: 40465
Data envio: 19/11/2018 12:23:11.847

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por último, resulta extremadamente grave e moi perigoso o estado de abandono do alumeado entre a peaxe de Alba e a ponte da Ría, na que as farolas levan meses apagadas e presentan un notorio estado de desleixo. Cómpre ter en conta que logo de pasar a peaxe en dirección Pontevedra e Vigo, prodúcese un efecto funil co estreitamento da calzada que se fai moi perigoso pola noite e cando a visibilidade se ve reducida pola choiva.

Tamén levan meses sen funcionar as farolas das saídas da autoestrada en dirección á nó de bombeiros e estrada de Vilagarcía, tanto a saída en dirección Santiago como en sentido Vigo.

E no tocante ao treito entre a Ponte da Ría e a saída sur (en dirección Marín e Ourense) existen numerosas farolas avariadas e nas que non se fai o correspondente mantemento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado que inste á concesionaria da AP 9 a mellorar a conservación e mantemento da autoestrada e a realizar as seguintes melloras na contorna de Pontevedra:

- Realizar unha axeitada conservación e mantemento das zonas libres das marxes da autoestrada, nomeadamente das zonas verdes situadas á altura da saída de Bombeiros/O Vao e da saída de Salcedo.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 12:23
Nº Rexistro: 40465
Data envio: 19/11/2018 12:23:11.847

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Instalar barreiras de protección acústica naquelas zonas das beiras da autoestrada nas que existen vivendas e espazos de interese natural, nomeadamente en Salcedo, Mollavao, A Barca, ENIL da Xunqueira do Vao e na contorna da peaxe en Alba e Campañó.

- Posta en funcionamento do alumeado existente entre a peaxe de Alba e a ponte da Ría, así como nos accesos e saídas á AP 9 nesta zona."

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2018 12:20:34

132109

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 12:23
Nº Rexistro: 40465
Data envio: 19/11/2018 12:23:11.847

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2018 12:20:40

Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2018 12:20:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/11/2018 12:20:45

Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2018 12:20:47

Noa Presas Bergantiños na data 19/11/2018 12:20:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 12:49
Nº Rexistro: 40470
Data envio: 19/11/2018 12:49:15.082

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a demanda colectiva da Fiscalía e colaboración da Xunta de Galiza en relación coas reclamacións polas retencións na AP9.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A autoestrada AP 9 adoece de múltiples deficiencias na súa xestión e conservación. Esta situación ten que ver coa redución por parte da concesionaria dos custos de persoal e mantemento, mentres que soben os beneficios polo incremento abusivo das peaxes.

No tocante a persoal, viuse reducido en case un cento de efectivos no período comprendido entre 2006 e 2016, pasando de 302 a 215. Esta redución afecta sobre todo ao persoal das cabinas, que está sendo sistematicamente substituído por sistemas de pagamento automático.

A forte redución de persoal de cabinas e mantemento contrasta coas elevadas cifras de beneficios, que son consecuencia de medidas adoptadas polos sucesivos gobernos do Estado, coa compracencia da Xunta de Galiza.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 12:49
Nº Rexistro: 40470
Data envio: 19/11/2018 12:49:15.082

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A falta de seguimento, control e supervisión por parte da administración do Estado fai que non se abrira aínda un só expediente informativo (e moito menos sancionador), a pesar dos constantes problemas de retencións que se produciron nos últimos anos, tanto derivados das obras da ponte de Rande como do incremento do tráfico en horas punta e períodos de vacacións.

Diante das reiteradas queixas polo atraco que supón estar atrapados horas na autoestrada e ter que pagar igualmente as peaxes –e diante da pasividade das administracións central e autonómica-, tivo que ser a fiscalía quen abrise dilixencias a AUDASA e anunciase unha demanda colectiva co obxecto de que as persoas usuarias poidan reclamar indemnizacións á compañía. Tamén previamente a Valedora do Pobo instara á concesionaria a levantar as barreiras en caso de producirse retencións quilométricas.

En relación coa fiscalía de Pontevedra, o pasado mes de setembro anunciou a presentación en novembro dunha demanda colectiva contra a AUDASA para que as persoas usuarias poidan presentar reclamacións polas retencións causadas polas obras da ponte da Rande e polo cobro das peaxes nesas condicións. Esta demanda é resultado da apertura no pasado mes de maio de dilixencias de carácter civil de protección dos dereitos de persoas consumidoras e usuarias ao considerar que se producirá por parte de AUDASA unha deficiente xestión neste treito da autoestrada.

Segundo as información que fixo públicas a Fiscalía, a reclamación refírese ao período comprendido entre marzo de 2015 e maio de 2018, período segundo o cal, conforme datos da concesionaria, pasaron pola ponte de Rande 58 millóns de vehículos. Dado o longo período de tempo transcorrido, non parece procedente que se esixa presentar o xustificante do pagamento da peaxe para poder facer a reclamación, polo

132112

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 12:49
Nº Rexistro: 40470
Data envio: 19/11/2018 12:49:15.082

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se deberían estudar outros medios como os rexistros da concesionaria dos vehículos que pasaron a peaxe nos períodos de tempo en que se produciron retencións.

3. Diante da presentación desta demanda colectiva e tendo en conta as dificultades que se poden producir para xestionar e xustificar as reclamacións, o BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a dirixirse á Fiscalía de Pontevedra, ao Ministerio de Fomento e a AUDASA para establecer un procedemento áxil e sinxelo para tramitar as reclamacións á AUDASA das persoas usuarias da autoestrada AP 9 que se viron afectadas polas retencións causadas polas obras de ampliación da ponte de Rande .

Asemade, insta ao goberno galego a que demande do goberno do Estado o establecemento dun protocolo que obrigue ao levantamento das barreiras das peaxes cando se produzan retencións que causen prexuízos de perda de tempo e diñeiro ás persoas usuarias das autoestradas."

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

132113

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 12:49
Nº Rexistro: 40470
Data envio: 19/11/2018 12:49:15.082

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2018 12:39:36

María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2018 12:39:41

Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2018 12:39:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/11/2018 12:39:44

Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2018 12:39:46

Noa Presas Bergantiños na data 19/11/2018 12:39:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40488
Data envio: 19/11/2018 16:12:28.193

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Unha vez máis desde o Grupo Parlamentario Socialista queremos insistir na perigosidade que implica o traballo na mar. No que vai do século XXI, preto de cen sinistros mariños tiveron lugar nas costas galegas, como consecuencia diso, un elevado número de vítimas mortais. Os anos 2011 e 2013 foron os anos de maior sinistralidade, chegándose nos dous anos ao valor de 13 barcos. Neste dato inclúense tanto pesqueiros como veleiros de náutica deportiva.

Existen distintas posibilidades para mellorar a seguridade das embarcacións, entre eles, sistemas para manter as embarcacións a flote no caso de accidentes marítimos ou sistemas individuais de localización. Pero existe tamén outro aspecto fundamental sobre o que hoxe queremos incidir que é a formación en prevención de accidentes, e o control nas titulacións obrigatorias no despacho de buques para as persoas que desempeñas as súas labores en barcos.

No mes de marzo de 2017, os oito tripulantes do volanteiro, O Busi, foron rescatados. Pola Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos (Ciaim) o accidente foi cualificado como “moi grave” e dou lugar á apertura da conseguinte investigación. conclúese que os tripulante tiñan unha grave falta de familiarización cos procedementos e os sistemas contra os incendios. Este feito provocou a imposibilidade de avaliar a emerxencia, e a busca de solucións alternativas. Así optouse por abandonar a embarcación. Concretamente, no informe se establece que algúns mariñeiros non sabían operar o sistema de dióxido de carbono ou a localización das mangueiras contra os incendios. Tampouco se tomaron precaucións que evitasen a propagación do lume.

Por outra banda, en ningún momento sonou a alarma contra os incendios, o cal, de acordo coa investigación implica que, ou ben o sistema estaba fóra de servizo ou fallou. Non se pode determinar se foi un fallo de mantemento ou doutro tipo.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40488
Data envio: 19/11/2018 16:12:28.193

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

En definitiva, o que vén a poñer de manifesto esta investigación é a necesidade de formación e de manter os coñecementos adquiridos actualizados mediante a realización de exercicios periódicos contra os incendios, así como a importancia do control nas titulacións obrigatorias de despachos de buques.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo unha campaña de información sobre a importancia da realización de exercicios periódicos contra os incendios nas embarcacións.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 19/11/2018 16:03:40

Patricia Otero Rodríguez na data 19/11/2018 16:03:52

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40488
Data envio: 19/11/2018 16:12:28.193

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/11/2018 16:04:03

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 16:34
Nº Rexistro: 40491
Data envio: 19/11/2018 16:34:57.776

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A ponte de Catoira une, a través da estrada EP-8001, o concello de Catoira na provincia de Pontevedra co de Rianxo na provincia da Coruña, a través da estrada AC-533.

É unha infraestrutura cuxa titularidade é compartida entre a Deputación da Coruña e a Deputación de Pontevedra.

Ademais ten unha elevada densidade de tráfico posto que conecta a autovía AG-11 coa autoestrada AP-9, actuando como verdadeiro eixe vertebrador entre ambas provincias tanto de tráfico lixeiro como pesado, posto que se evita ter que chegar a Padrón para empregar un ou outro viario (AG-11 ou AP-9) aforrando aproximadamente 27 quilómetros; como consecuencia dese elevado tráfico, tanto as estradas como particularmente a ponte, están a sufrir deterioracións.

Desde a reforma integral da ponte do ano 2004, foron as administracións provinciais as que seguiron realizando o seu mantemento; pese a iso, a día de hoxe, a ponte presenta de novo moitos problemas en distintos aspectos, como o asfalto, as xuntas de dilatación ou na iluminación.

Consideramos que dado que as estradas mencionadas e a ponte de Catoira que as conecta son en realidade unha única vía de conexión interprovincial, a competencia debería ser asumida pola Xunta de Galicia, e como consecuencia o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a estudar en colaboración cás deputacións de Pontevedra e A Coruña a asunción da titularidade da estrada AC-533, a ponte de Catoira e a EP-8001, por tratarse dunha infraestrutura que une dúas provincias e presentar un carácter vertebrador entra ambas as dúas provincias.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 16:34
Nº Rexistro: 40491
Data envio: 19/11/2018 16:34:57.776

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2018 14:06:52

María Luisa Pierres López na data 19/11/2018 14:06:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/11/2018 14:07:05

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 17:36
Nº Rexistro: 40503
Data envio: 19/11/2018 17:36:33.903

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García,** e da súa deputada **Ánxeles Cuña Bóveda** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno,** sobre a o traspaso do Centro Comarcal e a antiga Casa do Pobo de O Carballiño ó Concello do Carballiño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Pleno do 28 de xullo do 2016 aprobouse unha Moción presentada por Alternativa Veciñal-En Marea de O Carballiño sobre a situación dos edificios públicos do Carballiño, propiedades do Concello ou doutras administracións, a fin de proceder á súa valorización. Foi común o sentir dos diferentes portavoces dos grupos que compoñen este pleno a necesidade de espazos do concello para prestación de servizos e que, a pesares da existencia de moitos locais, por motivos de titularidade ou falla de acondicionamento, non son utilizables neste intre.

Creouse no concello de O Carballiño unha comisión interpartidaria, dinamizada polo portavoz de AV-En Marea, coa finalidade de estudar as diferentes posibilidades.

É labor da Xunta de Galicia a de dotar ós concellos do país das infraestruturas necesarias para desenrolar nelas actividades que poden ir dende o lecer ata o desenvolvemento rural e socioeconómicos, para reverter así os baixos índices que a día de hoxe estamos a sufrir nas vilas da provincia de Ourense no que atinxe sobre todo a baixada de poboación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 17:36
Nº Rexistro: 40503
Data envio: 19/11/2018 17:36:33.903

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Redactar un proxecto de rehabilitación destes inmobles participando na redacción do mesmo a comisión interpartidaria creada no Concello de O Carballiño para tal fin coa finalidade de estudar as diferentes posibilidades.

2. Dotar de orzamento a rehabilitación destes inmobles.

3. Traspasar a titularidade de o Centro Comarcal e a antiga Casa dó Pobo de O Carballiño o Concello de O Carballiño.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Anxeles Cuña Bóveda

Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 19/11/2018 17:33:44

Antón Sánchez García na data 19/11/2018 17:33:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 17:36
Nº Rexistro: 40503
Data envio: 19/11/2018 17:36:33.903

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/11/2018 17:34:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 17:48
Nº Rexistro: 40505
Data envio: 19/11/2018 17:48:09.415

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa das deputadas **Paula Vázquez Verao**, **Luca Chao Pérez**, **Anxeles Cuña Bóveda** e do deputado e voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vila de Chantada contaba con só un hórreo no seu núcleo urbano, na Alameda, ao pé do casco histórico, na confluencia das rúas Carlos Gilberto Otero e Xoán XXIII.

Este hórreo, ben pertencente ao Patrimonio etnolóxico, foi destruído por unhas obras dunhas vivendas.

O grupo municipal Por Chantada CUP preguntou no Pleno ordinario da Corporación de Chantada, o día 12 de novembro de 2018, sobre a cuestión, respondéndoselles dende o Goberno local que non constaba ningunha comunicación previa ou solicitude de licenza municipal para as obras que conduciron finalmente á demolición do hórreo situado na Alameda.

A carón do hórreo destruído situouse un cartel que anunciaba a obra da construción de vivendas, sen indicar licenza municipal que, como se demostrou posteriormente, non tiña.

O hórreo xa estaba destruído o 16 de novembro de 2018, sendo a construción tradicional desmontada e o terreo achaiado a nivel de rúa, téndose eliminado

tamén o peche pétreo que rodeaba a parcela. Así, foi consumada unha agresión contra un ben patrimonial sen licenza municipal e ante a indiferenza de Concello e Xunta.

Os hórreos, como o citado, se foran construídos antes de 1901, como probablemente é o caso, son elementos considerados como Ben de Interese Cultural, cun grao de protección que implica que non se poden realizar modificacións, traslados ou mesmo modificación da contorna.

A Lei 2/2016 de Patrimonio Cultural da Galiza no tocante ao "Bens que integran o Patrimonio etnolóxico", estabelece que son obxecto de protección no seu artigo 93.3, entre outros, "os hórreos, os cruceiros, as cruces de mortos, as de termo e os petos das ánimas."

No artigo da citada lei, establécese que os hórreos, que conforman o patrimonio etnolóxico, son "bens de interese cultural e quedan sometidos ao réxime xurídico previsto para ese tipo de bens nesta lei, sen necesidade da tramitación previa do procedemento previsto no seu título I, os hórreos, os cruceiros e os petos de ánimas dos que existan evidencias que poidan confirmar a súa construción con anterioridade a 1901. Non se poderá autorizar a construción de peches perimétricos, totais ou parciais, a partir dos seus soportes, nin a construción de edificacións ou instalacións acaroadas a eles que afecten os seus valores culturais. 2. Os hórreos, cruceiros e petos de ánimas cuxa antigüidade non poida ser determinada ou que fosen construídos con posterioridade á data sinalada no número 1 poderán ser declarados de interese cultural ou catalogados cando se lles recoñeza un especial valor cultural, principalmente etnolóxico. 3. As actuacións de conservación ou restauración de hórreos declarados de interese cultural ou catalogados realizaranse preferentemente utilizando os materiais e técnicas construtivas tradicionais que correspondan a cada tipoloxía. Nestas intervencións

o tratamento e a utilización de material non tradicional deberá ser autorizado pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural. 4. No caso de bens etnolóxicos desta natureza, e tendo en conta a súa tipoloxía e sistema construtivo, o movemento dentro do seu contorno de protección non se considerará un traslado para os efectos desta lei nin implicará unha necesaria modificación da súa delimitación, sempre que se garantan no proceso e no lugar definitivo a significación e a interpretación dos seus valores culturais e que se conte coa autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural."

Aínda sendo o ben posterior a 1901, o hórreo tiña un interese cultural evidente, por ser a única construción tradicional desta tipoloxía presente no núcleo urbano de Chantada.

Así mesmo, o conxunto de hórreo e palleira que quedaban no entorno do casco histórico chantadés, poderían englobarse na definición de "lugar de valor etnolóxico: o ámbito no que permanecen testemuños relevantes e recoñecibles de actividades ou construcións vinculadas ás formas de vida e cultura tradicional do pobo galego que resulten de interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropolóxico", que establece o artigo 10 da Lei de Patrimonio.

En todo caso, a actuación realizada é contraria a toda disciplina urbanística por non ter licenza municipal, documento que, en todo caso, non se podería conceder sen autorización de Patrimonio.

Por outra parte, o Concello non comunicou a Patrimonio a situación de perigo do ben cando tivo constancia nin realizou actuación algunha, tal como é a súa obriga.

Segundo establece o artigo 135 da Lei de Patrimonio, que regula a Reparación de danos:

"1. A resolución que impoña a sanción por infraccións tipificadas nesta lei das que deriven danos para o patrimonio cultural da Galiza comportará a obriga de restitución do ben ao seu debido estado, ou da emenda da alteración producida no seu contorno de protección, sempre que iso sexa posible. Esta obriga é imprescritible.
2. O incumprimento desta obriga de reparación de danos ou restitución das cousas ao seu debido estado facultará a consellaría competente en materia de patrimonio cultural para actuar de forma subsidiaria realizando as obras por si ou a través das persoas físicas ou xurídicas que se determinen e á custa do obrigado ou obrigada, utilizando, se é o caso, a vía de constrinximento para reintegrarse do seu custo. O importe dos gastos poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, a reserva da liquidación definitiva."

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta esta Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1. Iniciar de oficio as actuacións precisas para determinar se concorren as circunstancias que xustifiquen a iniciación dun procedemento sancionador (artigo 136 da Lei de Patrimonio) e, de ser o caso, impulsar dito procedemento.

2. Impulsar as medidas provisionais establecidas polo artigo 137 da Lei de Patrimonio en aras de posibilitar a reparación de danos e a recuperación do ben patrimonial destruído na súa localización orixinal.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 17:48
Nº Rexistro: 40505
Data envio: 19/11/2018 17:48:09.415

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

3. Trasladarlle ao Concello de Chantada que inicie un expediente de reposición da legalidade urbanística.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Anxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Luís Villares Naveira
Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 19/11/2018 17:44:32

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/11/2018 17:44:41

Luca Chao Pérez na data 19/11/2018 17:44:45

Luis Villares Naveira na data 19/11/2018 17:44:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40520
Data envio: 19/11/2018 19:04:54.449

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados **María Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de Motivos:

A posta en marcha, a pasada lexislatura, da totalidade da Vía de Altas Prestacións que une Lugo con Monforte, determinou unha mellora considerable nos tempos de desprazamento entre ambas as localidades.

O feito de evitar os múltiples accesos que caracterizan a LU-546 e o centro das vilas e pobos que se atopan no seu trazado supuxo unha mellora considerable para os usuarios desta vía de altas prestacións, que se desprazan dende o sur da provincia ata a súa capital, e viceversa.

Tanto é así que os tráficos neste trazado téñense incrementado dende a posta en servizo desta infraestrutura, de modo moi apreciable.

O proxecto deseñado e executado no seu día polo Goberno autonómico xa contemplaba o desdobramento do primeiro tramo deste vial, entre Nadela e Sarria, para convertelo en autovía. Non só no que atinxe ás condicións estruturais dos seus viadutos, senón tamén as expropiacións necesarias para abordar tal desdobramento, nunha boa parte do trazado.

O Partido Popular, que liderou a execución desta vía, tamén liderou a reclamación de que fora desdobrado en autovía, e así aparece recollido no programa electoral co que concorreu ás eleccións do ano 2016.

En cumprimento de tal compromiso, o Goberno galego ten licitado e adxudicado a redacción do proxecto nun tramo de 11,5 km, entre Sarria e a saída Páramo – A Pobra de San Xiao.

Os orzamentos do ano 2019, contemplan unha partida de un millón de euros para a licitación das obras ao longo deste próximo ano.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40520
Data envio: 19/11/2018 19:04:54.449

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Cómpre porén, avanzar tamén na redacción do proxecto de desdobramento do resto do trazado entre Nadela e Sarria, neste ano 2019, a fin de ir efectuando os trámites administrativos que permitan materializar o antes posible esta conversión en autovía.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia iniciar a contratación no ano 2019 dos proxectos construtivos e de impacto ambiental do treito A Pobra de San Xiao-Nadela a fin de avanzar de forma definitiva no total desdobramento desta infraestrutura".

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/11/2018 18:59:48

María Julia Rodriguez Barreira na data 19/11/2018 19:00:02

Martín Fernández Prado na data 19/11/2018 19:00:16

Jaime Castiñeira Broz na data 19/11/2018 19:00:30

Jacobo Moreira Ferro na data 19/11/2018 19:00:40

Marta Novoa Iglesias na data 19/11/2018 19:02:30

Gonzalo Trenor López na data 19/11/2018 19:03:28

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 19/11/2018 19:04:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:45
Nº Rexistro: 40543
Data envio: 20/11/2018 12:45:06.016

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Luís Manuel Álvarez Martínez** e **Julio Torrado Quintela,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado mes de outubro, o alcalde de Pontevedra e o presidente da Xunta de Galicia tiñan unha xuntanza en Santiago de Compostela. Dende o Concello dixeron que levaran preparada unha listaxe de 16 asuntos a tratar para que a xuntanza, dixeron, fose o máis operativa posible. Entre eses asuntos, a Residencia da Terceira Idade, a variante de Alba, a estación intermodal, o Hospital Gran Montecelo, o transporte metropolitano e urbana, a EDAR de Os Praceres, o pavillón de A Parda, a reforma do edificio de Benito Corbal, o novo edificio xudicial, a reforma da ponte de A Barca ou a dragaxe da ría. É dicir, reclamacións que a cidade necesita dende hai décadas e polas que ningunha das administracións se ten preocupado.

O Goberno galego non se ten preocupado pola Política Social da cidade: nin do Punto de Encontro Familiar, nin da sala do Xulgado para que as vítimas de violencia machista estean nas mínimas condicións de intimidade e benestar, nin das mellores condicións na "Residencia de Maiores de Campolongo" ou no centro de menores "Avelino Montero", nin das equipas definitivas de Valoración da Discapacidade, nin de nada máis que un proxecto *power point* dun Gran Montecelo virtual, nin da reforma do Hospital Provincial. E que dicir das infraestruturas? Xa non é crible que nos prometan unha estación intermodal entre as estacións de trens e autobuses para a cidade cando só hai un debuxo. E Pontevedra fóra do transporte metropolitano. E Pontevedra sen proxecto para a rexeneración da ría e a dragaxe do seu fondo cando así é imprescindible medioambiental, marisqueira, pesqueira e deportivamente. E Pontevedra cun edificio xudicial que agarda a súa ampliación dende hai case unha década. E Pontevedra cun Pazo de Lourizán que se desfai pouco a pouco mentres o Goberno mira cara a outro lado.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:45
Nº Rexistro: 40543
Data envio: 20/11/2018 12:45:06.016

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a rematar, antes do fin desta lexislatura e con dotación orzamentaria suficiente nos orzamentos para 2019 e 2020, as seguintes actuacións con relación á cidade de Pontevedra:

1. A chamada variante de Alba.
2. Unha estación intermodal que una as actuais de autobuses e de tren, desbotando a solución dun "paso a nivel" entre ambas e salvando a rúa de dobre sentido e o semáforo que existen na actualidade.
3. Un pavillón para o barrio de A Parda.
4. Un plan de transporte metropolitano e urbano para a cidade.
5. Unha nova residencia da terceira idade totalmente pública, en canto á súa construción e xestión.
6. A rexeneración da ría de Pontevedra (incluídas a EDAR de Os Praceres e a dragaxe do fondo da ría).
7. A solución dos problemas no Punto de Encontro Familiar, cambiando a súa situación e incrementando o persoal ao seu servizo.
8. A mellora das condicións arquitectónicas, das persoas usuarias e do cadro de persoal da "Residencia de Maiores de Campolongo" e do centro de menores "Avelino Montero".
9. A reforma do Hospital Provincial para mellorar a asistencia sanitaria na área de Pontevedra, dedicando o seu espazo actual a usos sanitarios non hospitalarios.
10. A creación de, a lo menos, dúas equipas definitivas de Valoración da Discapacidade e o acondicionamento do local no que se sitúan (edificio de Sanidade).

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:45
Nº Rexistro: 40543
Data envio: 20/11/2018 12:45:06.016

11. O cumprimento das obrigas ás que se comprometeu o Goberno galego no convenio firmado coa Deputación de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 -posteriormente ratificado no ano 2000- e relativas á conservación do Pazo de Lourizán, tal e como se indica na memoria elaborada polo Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Luís Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2018 12:22:34

María Luisa Pierres López na data 20/11/2018 12:22:40

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/11/2018 12:22:45

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/11/2018 12:22:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/11/2018 12:22:53

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2018 12:22:58

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:45
Nº Rexistro: 40543
Data envio: 20/11/2018 12:45:06.016

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2018 12:23:00

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:45
Nº Rexistro: 40545
Data envio: 20/11/2018 12:45:46.035

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A redución de servizos sanitarios ten sido obxecto de debate parlamentario a instancias de iniciativas do Grupo Parlamentario Socialista en multitude de ocasións. Esta redución, realizada sen información obxectiva contrastada que puidera ser comprobada segundo se desprende da negativa do Goberno galego a facilitar calquera estudio ou informe que a avale, afecta de maneira relevante á perda de atención e de calidade asistencial para os galegos e galegas, que ven como os seus servizos perden notoriamente persoal que non se repón ata nas cuestións máis básicas e aprecian un sistema sanitario público cada vez máis debilitado.

Estes problemas afectan de maneira especial ao eido rural, onde o mantemento dos servizos sanitarios está xa en dúbida constante pola tendencia do Sergas e da Consellería de Sanidade a minorar a implicación no seu funcionamento, coa non substitución de médicos de familia e/ou pediatras e a progresiva tendencia a agrupar poboacións na atención dende os centros de saúde. O caso dos centros de saúde de Mondariz, Mondariz-Balneario e O Covelo (provincia de Pontevedra) é paradigmático desta situación. Máis en concreto, o censo de cativos destes 3 concellos é de 593, que agora o Sergas e a consellería pretenden derivar ao Centro de Saúde de Ponteareas, que xa ten adscritos a 3342, o que fará un total de 3935 crianzas con, na teoría, 3 pediatras, 2 en horario de mañá e 1 de tarde, e dicimos na teoría porque a pediatra de tarde de Ponteareas leva case 1 ano de baixa.

Con estes datos é practicamente imposible que o Centro de Saúde de Ponteareas poida asumir o cupo infantil de 593 cativos máis dos que xa teñen, polo que seguro vai pasar que sexan derivados ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, a uns 35 quilómetros de distancia. A ninguén se lle escapa que se van producir demoras nos diagnósticos médicos dos cativos e uns gastos de desprazamento que van ter que se asumidos polas familias, tendo en conta o carácter rural dos 3 concellos e a dispersión xeográfica (Mondariz ten 12 parroquias e para chegar

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:45
Nº Rexistro: 40545
Data envio: 20/11/2018 12:45:46.035

ata o centro de saúde hai que percorrer de 4 a 8 quilómetros e O Covelo ten 14 parroquias cun percorrido semellante).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir o servizo sanitario en atención pediátrica no Centro de Saúde de Mondariz (que asiste aos concellos de Mondariz, Mondariz-Balneario e O Covelo), contratando o persoal necesario para manter o mesmo de cara á prestación dun servizo de atención primaria básico para a poboación infantil.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2018 12:24:19

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2018 12:24:25

Noela Blanco Rodríguez na data 20/11/2018 12:24:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2018 12:24:40

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:47
Nº Rexistro: 40550
Data envio: 20/11/2018 12:47:20.460

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela e Abel Losada Álvarez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Na provincia de Pontevedra, onde as solicitudes de valoración da discapacidade tardaban de media en resolverse case 3 anos e onde a quenda de agarda estaba en máis de 4.000 persoas hai un ano, despois do interese e da presión deste grupo parlamentario, o Goberno colocou un parche: seis novos equipos temporais para o EVO do Norte e 4 para o do Sur, formados por persoal contratado por acumulación de tarefas e para 6 meses, que parece se van ampliar por outros 3 meses máis.

Polo tanto, o persoal é escaso e, a maiores, o espazo no que se atopan as antigas equipas do EVO do Norte (un edificio propiedade da Consellería de Sanidade) non está axeitado para o servizo que debe prestar, é moi antigo e nunca tivo unha reforma en condicións: non hai ascensor, hai multitude de humidades nas paredes, a rambla de acceso non cumpre os requisitos legais, na sala de espera vai un frío terrible (non hai calefacción) ou a iluminación do espazo no que se sitúa é moi escasa. Tampouco vai ben de servizos: a limpeza é pouca (hai unha soa limpadora para todo o edificio), as cadeiras de rodas parecen da posguerra e non hai onde colocar os expedientes, de forma que non resulta fácil garantir o cumprimento da normativa sobre protección de datos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación ao edificio da Consellería de Sanidade onde desenvolven o seu traballo as equipas de Valoración da Discapacidade (EVO do Norte da provincia de Pontevedra) e sempre antes de que remate o ano 2019, a:

1. Proceder á reforma e modernización das instalacións.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:47
Nº Rexistro: 40550
Data envio: 20/11/2018 12:47:20.460

2. Mellorar a prestación dos servizos que se prestan, tales como a limpeza ou o mobiliario.

3. Garantir ás persoas que traballan no dito centro o cumprimento da normativa sobre protección de datos das persoas usuarias deste servizo.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Abel Losada Álvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2018 12:32:26

Noela Blanco Rodríguez na data 20/11/2018 12:32:32

María Luisa Pierres López na data 20/11/2018 12:32:37

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2018 12:32:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/11/2018 12:32:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2018 12:32:52

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:56
Nº Rexistro: 40561
Data envio: 20/11/2018 12:56:49.945

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A investigación no campo biosanitario é un eido de traballo onde os investigadores e investigadoras de Galicia amosan, de maneira constante, a súa gran formación e dedicación, achegándose a niveis de excelencia recoñecidos internacionalmente. Non entanto, non existe unha aposta por parte do goberno galego notoria e convencida que promova e fortaleza a investigación como sector de investimento, que contribúa tanto a mellorar a calidade de vida e os procesos de diagnose e tratamento de distintas enfermidades, como a contribuír a un cambio de modelo produtivo para o país.

O gasto en investigación en España está, aproximadamente, nun 1,2 % do PIB. Menor porcentaxe que hai unha década. O investimento en ciencia diminuíu, nesta década, en torno a un 9 %, mentres que a maioría de países europeos teñen aumentado en volumes altos este nivel de investimento (Reino Unido ou Alemaña por riba do 30 %).

Sendo España un mal exemplo na súa aposta pola ciencia nos últimos anos, coincidentes co Goberno presidido por Mariano Rajoy, en Galicia sobran tamén datos que evidencian un nivel semellante ou menor. Como último dato, os orzamentos autonómicos para 2019 prevén un descenso de máis de 5 % no investimento na partida 561C de investigación sanitaria, que para o ano 2019 prevé 2.480.000 € mentres que para o ano 2018 os mesmos orzamentos apuntaban 2.618.000 €.

A situación de precariedade dos e das investigadoras tanto na súa relación coas universidades, que manexan orzamentos moi axustados para investigación, como noutros centros públicos, contribúe a un lento crecemento e desenvolvemento das liñas de traballo existentes, ademais de supoñer un lastre a efectos sociais polo elevado esforzo laboral e persoal que supón sen recibir ningunha mínima estabilidade nin capacidade de previsión.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:56
Nº Rexistro: 40561
Data envio: 20/11/2018 12:56:49.945

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Tomar as decisións necesarias para aumentar a partida para investigación sanitaria ata chegar, polo menos, á cantidade presupostada para o ano 2018, e comprometer un aumento do 5 % para os orzamentos de 2020.

2. Abrir un grupo de traballo en conxunto con universidades, investigadores, grupos políticos e administración, para buscar un Pacto galego pola investigación, que sinale as liñas e apostas para medio e longo prazo e estableza condicións laborais mínimas de calidade para a situación laboral dos investigadores sanitarios.

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2018 12:54:28

Noela Blanco Rodríguez na data 20/11/2018 12:54:35

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:56
Nº Rexistro: 40561
Data envio: 20/11/2018 12:56:49.945

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2018 12:54:40

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 13:08
Nº Rexistro: 40569
Data envio: 20/11/2018 13:08:54.766

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa dos deputados e deputadas **Carmen Santos Queiruga, Julia Torregrosa Sañudo, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Flora María Miranda Pena, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os académicos galegos levan pelexando demasiado tempo por cuestións que deberan ser prioridade do Goberno da Xunta, para protexer, por en valor e promover a cultura, lingua e o patrimonio da nación galega.

Na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, atopámonos cos seguintes artigos que regulan as competencias e obrigas dos poderes públicos galegos.

No seu artigo 2: "Os poderes públicos de Galicia garantiran o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma".

No seu artigo 3: "Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua. Os cidadáns poderán dirixirse aos xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua".

Así mesmo, no referente á toponimia, di no seu artigo 10:

1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

2. Correspóndelle á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo concello correspondente.

3. Estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en todos os casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

No mes de novembro de 2018, Vicente Feijóo Ares, en nome da Real Academia Galega (RAG) defendeu ante a Real Sociedad Geográfica que, “non existe ningunha rexión en Europa, mesmo nos atreveriamos a dicir no mundo, que se aproxime en número, variedade e antigüidade a esta riqueza cultural que singulariza o noso país".

Feijóo Ares tamén reivindicou o traballo de recollida de toponimia que se está facendo en Galicia nos últimos anos, coa axuda de tecnoloxías informáticas e da Rede que facilitan o traballo en liña dos especialistas e as achegas á poboación. E reivindica a riqueza da toponimia galega xa que, "representa un tesouro cultural excepcional pola súa densidade, variedade e antigüidade"; "temos topónimos con máis de 2.000 anos de antigüidade que son o único vestixio das linguas celtas faladas no noso territorio antes da chegada dos romanos".
Figueira Valverde falaba en 1976 de tres millóns de topónimos, os cálculos dos académicos apuntan que na actualidade son moitos menos e existe a sospeita que é debido a que se perderon moitos deles.

Esta cuestión necesita un compromiso claro e contundente do Goberno galego de xeito concreto, e dunha sociedade galega en xeral que ten que ser informada e

concienciada por parte dos poderes públicos galegos, para que non se sigan perdendo os símbolos da nosa identidade cultural.

Sen embargo, non foi ata o ano 2015 que, por primeira vez, se citou de forma expresa a toponimia tradicional como un ben para protexer na Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial. E un ano despois cando se aprobou no Parlamento galego a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, dándolle á nosa toponimia o mesmo *status* que na lei estatal.

Para os académicos, e para o grupo de En Marea, isto non é suficiente. Son precisas maiores garantías de protección para o noso patrimonio toponímico. A Xunta ten a obriga de poñer os medios para recoller e salvagardar un patrimonio que corre un grave risco de desaparecer, debido aos cambios que experimentou Galicia dende dúas ou tres décadas, uns cambios e deterioro que seguen en avance.

O seguinte paso obrigado debe ser acadar a máxima protección para un patrimonio inmaterial, a que proporciona a UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura).

Vivimos nun momento moi delicado para a toponimia galega, e para o noso grupo, igual que para a RAG, é urxente rexistrar sen demora este caudal de información lingüística, xeográfica, histórica e cultural que hai detrás dos nomes que indentifican cada espazo e recuncho de Galicia de terra e do mar, do interior e da costa. Toda esta riqueza forma parte da nosa memoria colectiva.

E por este motivo, O Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1- Iniciar os procedementos e xestións políticas necesarias para que, de acordo coa RAG, a toponimia galega sexa declarada Patrimonio da Humanidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 13:08
Nº Rexistro: 40569
Data envio: 20/11/2018 13:08:54.766

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2- Que a Xunta de Galicia impulse un plan concreto e efectivo que amose un compromiso claro co fin de non seguir perdendo os símbolos da nosa identidade cultural.

3- Que a Xunta de Galicia se comprometa de xeito real cos proxectos e iniciativas que están traballando neste eido dándolles maior apoio público e dotándoos de recursos económicos, persoais e materiais necesarios e ofrecendo maiores garantías de protección para o noso patrimonio toponímico.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 20/11/2018 13:00:47

Julia Torregrosa Sañudo na data 20/11/2018 13:00:55

Luca Chao Pérez na data 20/11/2018 13:01:08

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/11/2018 13:01:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 13:08
Nº Rexistro: 40569
Data envio: 20/11/2018 13:08:54.766

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Vázquez Verao na data 20/11/2018 13:01:23

Antón Sánchez García na data 20/11/2018 13:01:26

Eva Solla Fernández na data 20/11/2018 13:01:30

Paula Quinteiro Araújo na data 20/11/2018 13:01:34

Luis Villares Naveira na data 20/11/2018 13:01:39

Flora María Miranda Pena na data 20/11/2018 13:01:42

José Manuel Lago Peñas na data 20/11/2018 13:01:46

Francisco Casal Vidal na data 20/11/2018 13:01:50

David Rodríguez Estévez na data 20/11/2018 13:01:54

Marcos Cal Ogando na data 20/11/2018 13:01:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40581
Data envio: 20/11/2018 14:16:28.607

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A fibromialxia, síndrome de fatiga crónica (SFC) ou encefalomielite miálxica (EM) e a sensibilidade química múltiple son enfermidades diferentes pero con forma de presentación e síntomas similares de diagnose clínica. As tres son enfermidades de causa descoñecida, crónicas e sen cura na medicina actual que teñen efecto invalidantes para o traballo e as tarefas cotiás, extremadamente negativos na esfera laboral, social, familiar e económica de quen a sofre. Os tratamentos actuais se limitan con escaso éxito a aliviar os síntomas de ambas patoloxías. Tanto a fibromialxia como o síndrome de fatiga crónica ou encefalomielite miálxica afecta especialmente ás mulleres.

Calcúlase que en España, entre o 0,2 % e o 0,5 % da poboación xeral sofre SFC/EM. Aproximadamente, o 25 % dos e das pacientes presentan unha forma severa da enfermidade provocando un trastorno devastador, complexo e altamente invalidante.

Os problemas das persoas afectadas sitúanse nas dificultades para a diagnose, e por tanto tamén para o tratamento, polas dificultades sinaladas que levan a estas persoas a demorar moito tempo dentro do sistema antes de ser diagnosticadas. A isto cabe engadir a avaliación da incapacitación laboral, ou recoñecemento de minusvalías, que resultan sempre insatisfactorias e incompleta debido ás limitacións nestas propias diagnoses e a non clasificación clínica e correcta avaliación.

De maneira conxunta, a investigación sanitaria resulta unha ferramenta na loita contra estas enfermidades e as súas consecuencias. A redución dun 5 % na partida dedicada a investigación da Consellería de Sanidade para os orzamentos 2019 é un enorme obstáculo que, sumado aos déficits existentes a nivel autonómico e

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40581
Data envio: 20/11/2018 14:16:28.607

estatal nos últimos anos, coloca á investigación sanitaria nunha feble posición que impide o avance en cuestións relacionadas con un amplo espectro de sintomatoloxías, como as sinaladas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Fomentar a formación de profesionais que permita mellorar as capacitacións para a diagnose e tratamento das persoas afectadas a través do Sistema sanitario público galego.

2. Implementar un proceso asistencial que permita a continuidade entre atención primaria e hospitalaria, e que facilite que os e as pacientes afectadas por estas enfermidades teñan un mellor tratamento pola súa doenza.

3. Promover e apoiar as liñas de investigación que traballen na loita contra as enfermidades da dor e as minoritarias. Comprometer un aumento da partida para investigación sanitaria dun 5 % para o ano 2020, recuperando o investimento programado para 2018 e superando a redución prevista para o ano 2019.

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2018 14:14:16

Noela Blanco Rodríguez na data 20/11/2018 14:14:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2018 14:14:27

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 16:34
Nº Rexistro: 40595
Data envio: 20/11/2018 16:34:32.824

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través do seu deputado **Luís Villares Naveira** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao e Carmen Santos Queiruga,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos.

A carga de traballo que soportan as xuízas e xuíces do sistema xudicial do noso país é moi elevada, tanto que no informe de avaliación de riscos psicosociais da Carreira Xudicial, elaborado por encargo do Consello Xeral do Poder Xudicial como parte do desenvolvemento do Plan de Prevención de Riscos, se constatou este dato de xeito alarmante.

Os riscos psicosociais son aquelas condicións presentes nas situacións de prestación de servicios, relacionadas de xeito directo coa organización, contido do traballo, e a realización da tarefa mesma e que teñen a capacidade de afectar ao benestar e/ou á saúde física, psíquica ou social da persoa traballadora e ao desenvolvemento do seu traballo. A nivel xeral considera este informe como principais factores de risco presentes as cargas de traballo, desempeño de roles, demandas psicolóxicas e tempo de traballo, factores que se vencellan aos conceptos de estrés, fatiga que se deriva da ordenación do tempo de traballo e violencia no espazo de traballo.

No informe participaron 2478 xuíces e xuízas, maxistrados e maxistradas, o 47,76% da carreira xudicial, que cumprimentaron uns formularios e outras 78 persoas foron entrevistadas persoalmente.

No informe tamén se recolle un apartado á conciliación no que se constata, unha vez máis e tamén neste ámbito, que son as mulleres as que máis solicitan estas medidas relacionadas coa conciliación da vida persoal e familiar sendo as encargadas no 5,77 % do coidado directo das crianzas fronte ao 1,02% e do coidado doutras persoas que non poden valerse por si mesmas no 2,95% reducíndose a porcentaxe de homes ao 0,94%.

En canto ao desfrute de medidas de conciliación nos últimos 5 anos, un 29,7% das mulleres respondeu de xeito afirmativo fronte ao 9,4% dos homes

Os datos finais establecen que o 84% do persoal pertencente á Carreira Xudicial se sitúa na zona de risco moi elevado no factor de risco da carga de traballo, dato que xa estaba presente no informe preliminar de avaliación de riscos psicosociais de marzo do ano 2017.

A carga de traballo defínese como o nivel de demanda de traballo que ten que afrontar a persoa xuíza ou maxistrada. Os resultados ademais varían cando se teñen en conta factores como a variable de xénero, antigüidade e destino.

A diferencia no que respecta á carga de traballo entre homes e mulleres é palpable, así a porcentaxe de homes está no 80% e a de mulleres no 87% situados no nivel de risco elevado en xulgados unipersoais. No caso de órganos unipersoais a porcentaxe é do 69%, inda que nos xulgados do mercantil esta porcentaxe increméntase ata o 94%.

Este factor de risco sinálase polo funcionariado da carreira xudicial cunha antigüidade de entre 3-10 anos situado no 86% mentres que se reduce ata o 76% naquelas persoas que xa teñen máis de 25 anos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 16:34
Nº Rexistro: 40595
Data envio: 20/11/2018 16:34:32.824

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xustiza a:

1.- Establecer a prohibición da superación do 100% dos módulos de carga de traballo.

2.- Definir un plan de incremento das unidades xudiciais para absorber aquel exceso da carga de traballo existente, en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e cas CCAA no ámbito das súas competencias.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 20/11/2018 16:30:43

Paula Vázquez Verao na data 20/11/2018 16:30:51

Carmen Santos Queiruga na data 20/11/2018 16:30:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 17:31
Nº Rexistro: 40603
Data envio: 20/11/2018 17:31:43.803

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** a través do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao e Carmen Santos Queiruga,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en **Pleno,** sobre a necesidade de reforzar o xulgado e primeira Instancia e Instrución nº 2 de Viveiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O xulgado de primeira Instancia e Instrución número 2 de Viveiro coñece de todos os asuntos relacionados coa violencia exercida contra a muller. O partido xudicial de Viveiro comprende os concellos de Burela, Cervo, Foz, Ourol, O Vicedo, Xove e Viveiro.

Os medios de comunicación e os sindicatos xudiciais así como o propio persoal acaban de denunciar a situación de acumulación de asuntos e retrasos que chegan aos 18 meses neste tipo de litios. O persoal traballador alertou de acumulación de asuntos sobre demandas de divorcio, separación ou medidas paternofiliais, uso do domicilio familiar, réxime de custodia e visitas e pensión de alimentos a menores, entre outros.

O plan de actuación para a recuperación do traballo xudicial, iniciado o 15 de outubro de 2018, con 6 meses de retraso, cun presuposto de case 3 millóns de euros, e pactado con 3 dos 7 sindicatos só se puxo en marcha nas sete cidades galegas, sen coñecerse cando se iniciará nas vilas e discriminando unha vez máis a cidadanía de pequenas vilas e do rural.

Isto ten consecuencias na orde civil en relación a estes casos de violencia de xénero, posto que todas as medidas relacionadas con estes litixios son absorbidas polo mesmo xulgado que coñece so procedemento de violencia de xénero e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 17:31
Nº Rexistro: 40603
Data envio: 20/11/2018 17:31:43.803

tamén porque todo o persoal dos xulgado de Viveiro foi a folga e tamén debido a que as medidas civís solicitadas no proceso penal só sobreviven 30 días, momento no que se teñan que ratificar ou modificar estas medidas e que prexudican de feito gravísimo aos menores.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a

1.- Aplicar o plan de actuación para recuperación do traballo xudicial iniciado o 15 de outubro nas 7 grandes cidades de Galicia a todos os partidos xudiciais.

2.- Dotar de maiores recursos persoais e materiais a oficina xudicial do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución n. 2 de Viveiro, para a axilización dos procedementos que afectan ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos menores.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 20/11/2018 17:08:36

Paula Vázquez Verao na data 20/11/2018 17:08:45

Carmen Santos Queiruga na data 20/11/2018 17:08:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 17:40
Nº Rexistro: 40605
Data envio: 20/11/2018 17:40:43.606

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea a través do deputado **Luís Villares Naveira,** e das deputadas **Carme Santos Queiruga e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre a necesidade de implementar as perspectivas de xénero e a igualdade en todo o proceso educativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O aumento dos casos de violencia de xénero entre os menores, e todo tipo de conductas delictivas relacionadas coa mesma ten a súa orixe na reprodución do que sucede nos ámbito dos adultos, e por iso aquí xoga un papel fundamental a educación, a prevención das conductas, e as denuncias para reverter estas situacións.

A memoria presentada pola Fiscalía Superior de Galicia revela que os indicadores de violencia machista continúan en ascenso. Na memoria, sobre o ano 2017, este tipo de delitos incrementáronse nun 25%. Os parámetros segundo o fiscal superior van en aumento e os casos de violencia de xénero entre os menores cuadriplicáronse nos últimos 4 anos, este é un dos datos máis relevantes que contén a memoria anual da Fiscalía Superior de Galicia. O número de casos pasaron de ser 5 no ano 2014 a ser 20 no ano 2018 constitúen unha “realidade social preocupante sobre a que urxe intervir” en palabras de Suanzes.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno, sobre a necesidade de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 17:40
Nº Rexistro: 40605
Data envio: 20/11/2018 17:40:43.606

implementar as perspectivas de xénero e a igualdade en todo o proceso educativo para reducir as cifras de violencia de xénero na poboación xuvenil.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1.- Implementar os protocolos de acoso sexual e acoso por razón de xénero dentro das aulas

2.- Deseñar e aplicar os protocolos necesarios para evitar conductas de abusos e agresións sexuais nas aulas, coa introdución da figura das e dos educadores sociais, e psicólogos e psiquiatras en todas os centros escolares, tanto públicos como privados.

3.- Establecer un sistema piloto de detección de conductas relacionadas cos delitos sexuais nos ámbitos xuvenís.

4.- Introducir por lei a materia de igualdade en todos os cursos da educación primaria e secundaria de forma transversal e de xeito específico, con adaptación dos contidos ás idades.

5.- Aplicar a perspectiva de xénero en todos os contidos educativos, segundo o artigo 4 e seguintes da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Carmen Santos Queiruga

Voceiro e deputadas do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 17:40
Nº Rexistro: 40605
Data envio: 20/11/2018 17:40:43.606

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 20/11/2018 17:39:22

Paula Vázquez Verao na data 20/11/2018 17:39:31

Carmen Santos Queiruga na data 20/11/2018 17:39:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 18:13
Nº Rexistro: 40619
Data envio: 20/11/2018 18:13:52.347

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No mes de novembro tivo lugar en Santiago de Compostela a Primeira Conferencia Internacional das Mulleres da Pesca (CIMP), na que se reclamou visibilidade e igualdade de oportunidades. Así, entre as conclusións estableceuse que é preciso mellorar as condicións laborais das mulleres, combater a precariedade laboral, a fenda salarial, a segregación por razón de sexo e as barreiras que dificultan a conciliación da vida laboral, familiar e persoal. Respecto de incentivar o emprendemento feminino deixouse constancia da necesidade de dotar partidas nos orzamentos. Por último, destacouse o papel do asociacionismo e liderado feminino no sector, garantindo a presencia de mulleres nos órganos de poder e representación. O presidente da Xunta acudiu a este encontro, e subscribiu estas necesidades.

A situación de Galicia require precisamente destas accións, polo seguinte:

- Galicia perdeu 1.600 mulleres ocupadas desde o ano 2009: De acordo coa Enquisa de Poboación Activa, as mulleres ocupadas no mar no terceiro trimestre de 2018 eran 3.500. No mesmo período do ano 2009, eran 5.100.

- Esta redución é similar á que resulta se tivésemos en conta as afiliacións, xa que no ano 2009, había 6.533 mulleres afiliadas ao réxime do mar, e na actualidade hai arredor de 5.100.

- Respecto dos permisos de marisqueo contabamos con 3.887 mulleres con Permex e no ano 2017 xa baixaron a 2.807.

- O importe medio das pensións do réxime do mar no ano 2017 para o caso das mulleres era de 586,78 euros, fronte aos 1.107,66 euros dos homes.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 18:13
Nº Rexistro: 40619
Data envio: 20/11/2018 18:13:52.347

Estes datos reflicten que en Galicia aínda hai un longo camiño por percorrer para acadar os obxectivos establecidos na CIMP, por iso é preciso coñecer que plans ten o Goberno galego en relación a esta cuestión, polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, de acordo coas conclusións da Primeira Conferencia Internacional das Mulleres da Pesca, garanta unha maior visibilidade das mulleres do sector, a través da igualdade de oportunidades, mellorando as súas condicións laborais; combatendo a precarización, a fenda salarial, a segregación por razón de sexo e as barreiras que dificultan a conciliación da vida laboral, familiar e persoal e fomentando o emprendemento feminino.

Pazo do Parlamento, 20 de novembro 2018

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 18:13
Nº Rexistro: 40619
Data envio: 20/11/2018 18:13:52.347

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 18:13
Nº Rexistro: 40619
Data envio: 20/11/2018 18:13:52.347

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 20/11/2018 17:13:03

Patricia Otero Rodríguez na data 20/11/2018 17:13:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2018 17:13:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40631
Data envio: 20/11/2018 19:48:42.587

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicaba o 29/09/2011 o acordo do Consello da Xunta polo que se aprobou definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Arqueolóxico do Megalitismo, situado na Costa da Morte e que abrangue 15 enclaves megalíticos situados en 8 concellos. O obxectivo: garantir a conservación e posta en valor desa manifestación cultural nas comarcas afectadas polo proxecto, en particular, e con incidencia no resto da comunidade autónoma en xeral. Mais concretamente, permitirá a creación de infraestruturas e actuacións de índole arqueolóxica e arquitectónica sobre cámaras megalíticas de varios termos municipais co fin de promover a difusión dos seus valores culturais, a protección e conservación destas manifestacións, contribuír ao desenvolvemento local e á ordenación do territorio, e fomentar o desenvolvemento sostible nas zonas nas que se intervén.

A día de hoxe, temos que lamentar que a maioría destes bens atópanse en estado de abandono e comidos pola maleza. Cunha deficiente sinalización, accesos en mal estado, e carencia de información nestes xacementos. Algúns deles afectados pola construción de pistas.

Un exemplo do desleixo deste Goberno, pódese apreciar nun simple paseo polo acceso ao Castro de Borneiro, no concello de Cabana de Bergantiños, no que se pode comprobar a desfeita realizada pola Xunta no noso patrimonio castrexo, unha das xoias máis representativas do patrimonio cultural galego, hoxe en estado penoso de conservación cunha escaleira integramente construída en cemento, a ponte de madeira flanqueada por bloques de cemento sobre o chan, o muro que protexe o muíño con combinacións de pedras doutra categoría, todo iso constitúe o acceso a esta infraestrutura.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40631
Data envio: 20/11/2018 19:48:42.587

Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo as xestións precisas para substituír os accesos ao Castro de Borneiro, dotándoos dunha infraestrutura acorde co compromiso de garantir a conservación e posta en valor do megalitismo como manifestación cultural.

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 20/11/2018 17:03:37

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/11/2018 17:03:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/11/2018 17:04:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2018 17:04:09

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40637
Data envio: 20/11/2018 20:02:33.846

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As eleccións á representación das confrarías de pescadores celebradas neste ano, supuxeron un importante retroceso da situación das mulleres no sector da pesca. Destas resultou un total de 6 mulleres elixidas como patroas maiores. Desde a Asociación de Mulleres do Mar de Arousa achegan a preocupación que supón que unicamente unha de cada dez confrarías galegas estarán dirixidas por unha muller nos vindeiros 4 anos, afastándose da xestión e da toma de decisións.

Resulta especialmente preocupante a redución do número de candidaturas femininas no inicio do proceso que reflicte a falta de interese por liderar o proceso por parte das mulleres. Pero tamén obedece a unha realidade que se produce en múltiples ocasións, e trátase da imposibilidade de acudir a estes procesos por distintas causas, nas que sen dúbida está o desigual reparto das cargas familiares, sendo as mulleres aínda hoxe en día, as que soportan a maior parte das responsabilidade do fogar.

As mulleres seguen, polo tanto, nun segundo plano, desaproveitándose así moito talento. É necesario visualizar o traballo das mulleres e mellorar o seu empoderamento.

É imprescindible levar a cabo unha análise que permita determinar as causas que motivan estes feitos, e sobre a súa base, determinar as posibles accións a levar a cabo para acadar as garantías para que as mulleres teñan plena participación nos órganos de goberno e valorar incluso a posibilidade de establecer cotas que garantan unha transición máis rápida cara á paridade.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40637
Data envio: 20/11/2018 20:02:33.846

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

1º) Elaborar, antes de que remate xuño de 2019, un documento de análise das circunstancias e dos motivos da escaseza de candidaturas encabezadas por mulleres nas eleccións ás confrarías de pescadores na última década, traendo os resultados deste documento a esta Cámara no mes de xullo de 2019 para o seu debate.

2º) Poñer en marcha, de maneira inmediata, medidas que garantan que as mulleres teñan plena participación nos órganos de goberno das confrarías de pescadores, valorando tamén o establecemento de cotas que garantan unha transición máis rápida cara á paridade.

Pazo do Parlamento, 20 de novembro 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 20/11/2018 17:04:46

Patricia Otero Rodríguez na data 20/11/2018 17:04:59

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2018 17:05:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2018 17:05:20

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:14
Nº Rexistro: 40648
Data envio: 21/11/2018 12:14:00.342

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Do ano 1993 ó 2018 van 25 anos. As chamadas Concentracións Parcelarias Foron creadas para seren ferramentas políticas ó servizo do desenvolvemento agrario ou do monte para supera-las carencias de infraestruturas e a atomización da propiedade.

Ó ritmo que andan os tempos, nos últimos tempos, a demora de 25 anos en materializa-las expectativas de modernización e de impulso da actividade agraria son toda unha vida. Os responsables desta fraude están cercanos ó delito.

As parroquias de Estás, de Goián e de Figueiró, no concello de Tomiño, gozan dunhas condicións climatolóxicas, de solos e de tradición agraria avantaxadas. A súa agricultura e os aproveitamentos industrial e comercial que se derivan desta fan desta zona un lugar fértil e moi activo economicamente.

Son tres eixes fundamentais:

-- Planta ornamental cun sector viveirista con pegada en toda a comarca, con 450 empregos directos e máis de 200 indirectos. Produce e comercializa exportando un 60% cun movemento aproximado de 50ME anuais.

132164

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:14
Nº Rexistro: 40648
Data envio: 21/11/2018 12:14:00.342

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-- O cultivo do kiwi está espallado por todo o territorio do concello con fortes empresas que cultivan e comercializan as colleitas de decenas de produtores particulares.

-- E logo está o viño con plantacións das principais empresas vitícolas da comarca con centos de Has adicadas ó viñedo, albariño e rosal, dentro da DO Rías Baixas.

Sector agrícola, pois, que actúa coma un importantísimo motor económico e laboral. Un sector necesitado de solo produtivo ordenado, de infraestruturas e que supere os atrancos derivados da atomización tradicional da propiedade.

Ninguén entende xa a estas alturas que en 25 anos non se dese rematado este proceso de reestruturación, que non se teñan respostado as alegacións e que non se teñan entregado os títulos de propiedade. Unha vez máis un proceso de reestruturación ideado para implementar e facilitar a actividade agraria se converta en todo o contrario: un atranco pola ineptitude das autoridades políticas do servizo de reestruturación.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- Dispoñer os medios orzamentarios e humanos necesarios para finalizar no menor plazo posible o proceso de Concentración Parcelaria das parroquias de Estás, Goián e Figueiró no concello de Tomiño.

132165

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:14
Nº Rexistro: 40648
Data envio: 21/11/2018 12:14:00.342

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Tomar as medidas para que as persoas propietarias que así o desexen teñan acceso á terra e que emprendedores poidan desenvolver de modo experimental novas iniciativas empresariais no sector agrario tal como se fixera cando o Banco de Terras estaba operativo."

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2018 12:12:35

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2018 12:12:40

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2018 12:12:41

132166

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:14
Nº Rexistro: 40648
Data envio: 21/11/2018 12:14:00.342

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2018 12:12:43

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2018 12:12:45

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2018 12:12:46

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:35
Nº Rexistro: 40654
Data envio: 21/11/2018 12:35:46.584

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o seguimento e avaliación do grao de cumprimento da Lei 11/2007 en materia de coeducación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis dunha década que o Parlamento de Galiza aprobou a Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

No seu articulado, este texto legal recolle a elaboración por parte do Consello escolar de Galiza, en colaboración co departamento da Xunta competente en materia de igualdade, dun informe anual sobre a situación da coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Galiza (artigo 22.3).

Porén, malia o tempo transcorrido, non se ten publicado –se é que se ten feito-- informe algún ao respecto, malia teren carácter anual.

132168

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:35
Nº Rexistro: 40654
Data envio: 21/11/2018 12:35:46.584

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 2016 a Xunta de Galiza aprobou o I Plan de actuación en igualdade para os centros educativos (2016-2020) que recolle a coeducación como un "un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres".

Así mesmo, sitúa como primeiro eixo de actuación "afondar no modelo coeducativo e introducir a perspectiva de xénero nas súas dinámicas".

Neste senso, en maio de 2018 constituíuse a Comisión de traballo de Coeducación no seo do Consello Galego das Mulleres que, no entanto, fora anunciado en xuño de 2017. O obxectivo deste grupo de traballo é, segundo o goberno galego, impulsar "a educación en igualdade e propor medidas" en materia de coeducación.

Este mesmo ano 2018 o CIFP Politécnico de Lugo presentaba publicamente o seu Plan de Igualdade converténdose no "primeiro centro educativo que implanta" esta ferramenta, cando menos no ámbito da Formación Profesional.

Se ben Galiza ten avanzado nos últimos anos, é preciso –como recolle a propia Lei 11/2007 no seu artigo 22.3, facer un seguimento e avaliación dos pasos que se teñen dado até o momento, do grao de implementación das medidas de educación en igualdade e coeducación nos centros e da distribución territorial dos mesmos.

132169

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:35
Nº Rexistro: 40654
Data envio: 21/11/2018 12:35:46.584

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara, no prazo dun mes, o informe do Consello Escolar de Galiza sobre a situación da coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Galiza de acordo co estabelecido no artigo 22.3 da Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero."

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

132170

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:35
Nº Rexistro: 40654
Data envio: 21/11/2018 12:35:46.584

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2018 12:30:31

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2018 12:30:35

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2018 12:30:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2018 12:30:38

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2018 12:30:40

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2018 12:30:41

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 40664
Data envio: 21/11/2018 13:18:04.116

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en situación de Dependencia, FUNGA, é unha fundación destinada ao impulso da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia. Constituída en 1996, é unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, declarada de interese galego, encargada de prestar unha "atención persoal, xurídica e patrimonial especializada ás persoas maiores de idade coa capacidade de obrar modificada xudicialmente ou incursas nun procedemento sobre a capacidade das persoas e das que os órganos xudiciais atribuían á Xunta de Galicia o desempeño dos diversos cargos protectores."

Para dita fundación consígnanse os seguintes créditos nos Orzamentos da Xunta de 2019: 1.007.356 € e 4.670 €, un total de 1.012.026 €.

Segundo os datos da propia FUNGA, en 2016 exerceu un total de 3010 cargos protectores, fronte aos 68 de 1997.

Estamos a falar que a FUNGA se ocupa de casos de persoas con trastornos mentais, persoas maiores e/ou con alto grao de dependencia e casos de emerxencia social graves, como situacións de persoas con diversidade sexual que sofren abusos sexuais. Persoas incapacitadas xudicialmente ás que, cando non hai ningunha persoa no entorno familiar ou social idónea para a súa tutela, as tutela a FUNGA.

É dicir: o obxectivo último é fomentar a autonomía persoal das persoas, finalidade que non é posíbel acometer tanto polo escaso persoal como polo que parece unha ausencia de protocolo para o seguimento das persoas tuteladas pola FUNGA. Así pois, os fins de interese xeral recollidos no artigo 6 dos Estatutos da Funga, na práctica, non se acadan.

A propia Xunta ten admitido que "a previsión actual é que" a tendencia á alza no número de persoas tuteladas pola FUNGA "se manteña nos vindeiros anos en base ao progresivo envellecemento da poboación galega así como ao incremento nos últimos tempos do número de persoas beneficiarias, cada vez máis novas, diagnosticadas con trastornos mentais. Todo isto subliñado polo desarraigo familiar existente na nosa sociedade en relación con estes sectores da poboación, motivado en moitos casos polas dificultades que lles entraña ás familias a atención das persoas con este tipo de padecementos".

Sen embargo, a Xunta non acompaña estas previsións nin con aumento orzamentario significativo nin cun aumento do persoal. A FUNGA tiña 23 traballadores e traballadoras en 2017 para supervisar a máis de tres mil persoas, o que manifestamente impide prestar unha atención personalizada. En 2014, contaba con 22 traballadores e traballadoras; 16 en 2015; 20 en 2016. En 2018, manterá o mesmo persoal que en 2017. Aínda así, a Xunta prevé "promover o incremento da atención persoal mediante o aumento do número de visitas" ou revisar "as prestacións das que son beneficiarios os pupilos co fin de acadarlles as máis beneficiosas".

O seguimento social dos casos é fundamental para fomentar a autonomía das persoas, pero con este cadro de persoal é materialmente imposible. O que sucede, na práctica, é que asumen as funcións da FUNGA tanto os Servizos Sociais Comunitarios como entidades como Cáritas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 40664
Data envio: 21/11/2018 13:18:04.116

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Hai que ter en conta que a fundación foi condenada por contratar ou despedir de xeito irregular a traballadores e traballadoras e que houbo sentenzas que obrigaron a converter en indefinidos a traballadores contratados como interinos e que anularon o despedimento dunha traballadora, logo de ser elixida delegada sindical.

En maio de 2018, a Consellería de Política Social cubriu a praza de Dirección-Xerencia da FUNGA, vacante dende 2015, cun cargo do PP de Ferrol sen experiencia no eido social.

Asemade, nos últimos anos, son varias as sentenzas xudiciais nas que se evidencia que as persoas tuteladas por dita fundación cometen delitos ou son vítimas dos mesmos e hai evidencias de falta de atención, directamente relacionada coa escaseza do persoal, tendo en conta o número de persoas tuteladas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Aumentar no inmediato os fondos e persoal da FUNGA ata permitir unha atención axeitada ás máis de 3000 persoas tuteladas pola fundación.

2. Mellorar a coordinación da FUNGA cos Servizos Sociais Comunitarios.

3. Sacar a concurso a praza de Dirección-Xerencia da FUNGA garantindo a cualificación necesaria para o cargo.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 40664
Data envio: 21/11/2018 13:18:04.116

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 21/11/2018 13:02:30

Luis Villares Naveira na data 21/11/2018 13:02:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 16:36
Nº Rexistro: 40679
Data envio: 21/11/2018 16:36:15.543

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO.

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a través do seu deputado **Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en **Pleno,** sobre a necesidade de reprobación do alcalde de Baralla por reincidencia nas súas manifestacións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Sorprendía o alcalde de Baralla hai uns anos cunhas manifestacións durante o pleno nas que falaba da sorte que correran as persoas asasinadas polo réxime ditatorial franquista, despois do Golpe de Estado contra a II República no ano 1936.

Así, as estas declaracións "os mortos do franquismo será que o merecían" durante un pleno no mes de xullo do ano 2013 sumáronse as que se coñeceron posteriormente, doutro pleno celebrado o 21 de decembro de 2017. Nel, ante unha proposta de emenda sobre os orzamentos do 2018, na que se propoñía unha medida para incentivar/premiar a natalidade no concello, cun presuposto de 15.000 euros dos que se atribuirían 1000€ por cada nacemento no ano 2018 manifestou o seguinte: "as capas sociais máis baixas son as que teñen os nenos" e "non coidan ".

Despois desenvolveu outros argumentos baseados en tópicos e prexuízos sobre o colectivo de persoas de etnia xitana, así "aos xitanos, sen desprecialos, dálles igual ter seis ca sete" e "si puideran cada tres meses nacía un".

Rematou a intervención facendo un análise sobre a bondade da proposta, inda que "a axuda en si mesma non axudaría en exceso a impulsar a natalidade, xa que as axudas nin van nin veñen e inda que calquera axuda é boa, a xente non se vai

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 16:36
Nº Rexistro: 40679
Data envio: 21/11/2018 16:36:15.543

arranxar con iso". Tamén sinalou a conveniencia de "establecer baremos estritos para evitar situacións discriminatorias e sangrantes"

Estas manifestacións amosan a escasa calidade democrática, o carácter ditatorial do propio alcalde, o nulo respecto por as minorías baseadas en tópicos e prexuízos. Ademais, amosa unha concepción clasista sobre quen pode ou ter fillos ligado a como os tratan, como se nacer nunha familia establecese os parámetros de coidados e de educación que se reciben.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei sobre a necesidade de reprobar e/ou a necesidade de rectificar e na conveniencia das súas manifestacións durante un acto oficial de prexuízos, racismo e clasismo que afectan ao decoro das institucións nas que se verten.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a manifestar a súa posición en orde a estas manifestacións vertidas polo alcalde de Baralla, e que afectan ao decoro da institución local pois foron vertidas nun pleno, así como a conveniencia de facer unha rectificación.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Voceiro e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 21/11/2018 16:28:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 16:36
Nº Rexistro: 40679
Data envio: 21/11/2018 16:36:15.543

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Vázquez Verao na data 21/11/2018 16:28:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 17:33
Nº Rexistro: 40688
Data envio: 21/11/2018 17:33:28.608

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en **Pleno**, sobre as medidas que a Xunta de Galiza debe adoptar con respecto á oliveira galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Aínda que o noroeste de España non estaba considerado como área de cultivo tradicional de oliveiras, o cultivo desta estivo presente desde tempos inmemoriais, sendo citada a súa existencia por Herrera en 1513 ou por Hidalgo-Tablada, en 1870. A importancia que a oliveira tivo na antigüidade nesta zona, queda patente pola existencia de numerosos restos arqueolóxicos, como lagares primitivos destinados ao prensado da oliva dos séculos I-II A. C..

A desaparición do cultivo en Galicia non foi debida á falta de calidade dos seus aceites, senón aos altos impostos sobre as oliveiras decretadas polo Conde Duque de Olivares na primeira metade do século XVII.

Actualmente existe unha asociación dedicada a produción e transformación de aceite, a Asociación de Produtores de Aceite e Oliva de Galiza (APAG) que conta na actualidade con máis de 100 persoas asociadas que, entre elas, suman unhas 113 hectáreas e 130.000 oliveiras cultivadas no país.

Unha recente investigación, do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), catalogou xa máis dunha ducia de variedades de oliveiras autóctonas. Aínda que nas plantacións recentes de oliveiras en Galicia as variedades foráneas como a Arbequina ou a Picual, propias de Cataluña e Xaén respectivamente, son

as predominantes, este estudo abre a porta a optar por variedades autóctonas na produción de aceite na comunidade. Ademais, os primeiros resultados do traballo revelan unha baixa incidencia de afeccións sanitarias nas oliveiras galegas e gran calidade e orixinalidade do aceite destas variedades.

A existencia destas oliveiras e o seu cultivo en Galicia esténdese principalmente polo sur da provincia de Lugo e distintos puntos das provincias de Ourense e Pontevedra.

Polo momento, a investigación permitiu xa a catalogación de 13 variedades diferenciadas e autóctonas de Galicia. Unha conclusión que leva parello un traballo tanto de documentación como de análise de campo no que o grupo percorreu o territorio galego nunha fase de mostraxe dos exemplares centenarios.

Unha vez localizados as oliveiras, o grupo realizou estudos botánicos e agronómicos durante varios anos para lograr resultados contrastados xa que as condicións climáticas inflúen nas características do froito e o aceite cada ano, polo que é preciso repetir o estudo durante varias campañas para lograr datos fiables das características xerais, dos froitos e os aceites. Tamén analizaron o ADN da planta neste proceso de identificación.

Na fase de identificación, o grupo tamén realizou unha descrición botánica dos exemplares e variedades nas que detallaron a flor, a folla ou as olivas. Esta etapa do proceso foi clave para poder comparalos con outras variedades de distintos países e doutras zonas de España.

O estudo pormenorizado dos exemplares de oliveiras en Galicia tamén permitiu constatar que apenas están afectados por patoloxías sanitarias que se están estendendo a gran velocidade noutras zonas da Península Ibérica.

A investigación tamén incluíu a elaboración, a pequena escala, do aceite destas variedades e os primeiros resultados arroxan que se trata de aceites de gran calidade ademais de orixinais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 17:33
Nº Rexistro: 40688
Data envio: 21/11/2018 17:33:28.608

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Certo é que a Dirección Xeral de Gandería e Industrias Agroalimentarias da Xunta de Galicia presentou unha solicitude de recoñecemento oficial das descricións de Brava galega e Mansa galega aos responsables do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, máis dende En Marea parécenos pouco o que se está a facer pola oliveira galega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Destinar unha partida orzamentaria suficientemente ampla para blindar a conservación das especies localizadas para facer labores para conseguir o enraizamento de gallos destes exemplares para asegurar a conservación das variedades descritas.

2. Garantir que as plantas identificadas cheguen aos viveiros dunha forma legal e ordenada, posto que xa están a constatar unha importante demanda tanto por parte dos viveiros como de produtores interesados en contar con variedades autóctonas.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 17:33
Nº Rexistro: 40688
Data envio: 21/11/2018 17:33:28.608

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 21/11/2018 17:16:40

Antón Sánchez García na data 21/11/2018 17:16:45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 18:17
Nº Rexistro: 40699
Data envio: 21/11/2018 18:17:53.400

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda e** do seu deputado **Francisco Casal Vidal,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en Pleno, relativa á afectación do Camiño de Santiago por parte do proxecto da mina de cobre de Touro-O Pino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un recente informe técnico do Comité Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS), organismo asesor da UNESCO en materia de conservación do Patrimonio Mundial, confirmou as graves ameazas contra o trazado do Camiño Francés e a súa axeitada conservación tras unha minuciosa análise do proxecto mineiro e a documentación achegada pola propia empresa promotora Atalaia Mining-Explotacións Galegas S. L.

Dito informe subliña que o proxecto "supón unha clara violación da normativa de protección" que non só invade a contorna do Camiño Francés senón que supón a destrución material de parte do seu trazado, " contravindo a lexislación -nacional e internacional- vixente na materia".

Cómpre lembrar que para que un Ben Cultural sexa incluído na Lista de Patrimonio Mundial as administracións responsables da súa custodia deben responsabilizarse dunha estrita preservación do mesmo para que conserve os seus valores de identidade.

